

foz

A comisión presenta o contido das festas de San Lourenzo. **Páx. 7**

ribadeo

Chega á localidade a terceira edición do Festival de Cine Curto. **Páx. 9**

burela

Queiman o banco elaborado cos restos do castiñeiro centenario de Cinoche. **Páx. 11**

cervo

Xogos, desembarco e xuízo popular na Festa da Maruxaina. **Páx. 16**

mondoñedo

Do 9 ao 11 de agosto celebrábase o XXXII Mercado Medieval. **Páx. 23**

O Naseiro clausurará as festas de agosto



Alcoa xa é propietaria de Alúmina

Deste modo, controla a totalidade da planta mentres o comité reclama atención das administracións. **Páx. 2**

As comisións de festas, de moda no verán

Entrevistamos a catro grupos organizadores das patronais, que nos explican o seu traballo. **Páx. 4-5**

Análise da reunión entre Rueda e Tomé

Achegaron posturas sobre infraestruturas, servizos sociais, emerxencias e turismo. **Páx. 27**

Dambara



A asociación cultural e musical de Burela celebra o seu 25 aniversario. **Páx. 12**

Terras de Lourenzá



O colectivo leva máis dunha década poñendo en valor o sendeirismo. **Páx. 25**

Atletismo Ribadeo



O Club organiza a Carreira Nocturna Rino-Ribadeo. **Páx. 31**

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



GRUPO FORMAT

formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:

www.grupoforma-t.com

TEL.: 982 513 605

A MARIÑA

A Deputación fai unha achega á Asociación Saúde Mental Mariña



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou no Pazo de San Marcos un acordo de colaboración co presidente da Asociación Saúde Mental A Mariña, Jorge Manchado Rivero, a través do que a institución provincial realiza unha achega económica de 15.000 euros a esta entidade para contribuír cos gastos correntes do Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral de Burela, un dos sete complexos dos que dispón este colectivo, que presta atención diaria a 25 usuarios e usuarias.

José Tomé sinalou que “dende a Deputación de Lugo somos plenamente conscientes da importancia de colaborar activamente con este tipo de entidades que demostran que o seu traballo é fundamental para mellorar a calidade de vida dos seus usuarios e usuarias e tamén das súas familias”. Nesta liña, o mandatario provincial subliñou que “o seu labor tamén contribúe a derribar os estigmas asociados ás

enfermidades mentais”.

A Asociación Saúde Mental A Mariña empregará esta axuda da Deputación para o funcionamento do C.R.P.L de Burela, un complexo que se creou no ano 1999 e que presta atención diaria de luns a venres a 25 usuarios e usuarias. En concreto, esta colaboración dirixese á atención prelaboral das persoas do centro, na que se inclúen obradoiros de pintura, psicomotricidade, arteterapia ou estimulación cognitiva.

Ademais, tamén reciben atención psicolóxica, con sesións individuais e grupais ou terapia familiar, así como diferentes actividades relacionadas coas habilidades sociais ou a vida diaria. Grazas a esta axuda a asociación garante unha atención integral e personalizada dos seus usuarios e usuarias, facilita o desenvolvemento persoal aproveitando as súas capacidades, presta apoio ás familias e traballa nas habilidades esenciais para o desempeño dunha actividade laboral.

Alcoa compra Alúmina e faise co 100 por cento da planta

A planta de produción de alúmina de San Cibrao pasa a ser propiedade na súa totalidade da multinacional estadounidense Alcoa, que completou a operación de compra da sociedade australiana Alumina Limited.

Alcoa xa controlaba o 60 % da planta de alúmina, mentres o 40 % restante pertencía á Alumina. No mesmo complexo galego, por outra banda, atópase unha planta de produción de aluminio da que é dona a estadounidense.

O comité de empresa de Alcoa denuncia un “abandono claro” por parte da Xunta, que a pesar de que “insiste sempre na importancia do proxecto levan 3 meses sen reunirse co comité para continuar coas mesas técnicas”. Aseguran que ven ao novo presidente da Administración autonómica “moi involucrado con futuros proxectos deixando á Mariña e aos seus traballadores de lado”. Lembran que o 16 de xuño solicitaron unha reunión para bordar a aprobación do DBR pero, “tras recibir a contestación de que se realizará nunhas semanas”, seguen á espera de mantela.

Defenden que a Xunta foi a que “asegurou en decembro do 2021 que o permiso estaría para xuño do 2022”. Na reunión técnica celebrada o 6 de maio comunicóuselles que unha vez que o proxecto pasara de Saúde Pública a Medio Ambiente o proceso para a autorización sería “moi breve”. Posteriormente, na reunión de seguimento celebrada o 16 de xuño en Madrid, comunican que o proceso xa está en Medio Ambiente pero, mes e medio



despois, “a autorización segue sen chegar”.

Pola súa parte, o PP di que o Goberno de España segue sen aclarar se acometerá a intervención pública a pesar da incerteza sobre o futuro da factoría e a ameaza de peche que mantén a dirección da multinacional. Desde o PP reiteran o seu apoio aos traballadores e traballadoras e insisten en que Sánchez “non pode seguir lavándose as mans nunha crise que require da acción e compromiso do Goberno”. Neste mes de xullo, tras a petición da representación laboral, o secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro reuniuse co comité para avanzarlles que o Goberno autorizaría a construción de tres novos parques eólicos que abastecerán de enerxía a planta.

Os tres novos parques son os denominados Barqueiro (126 MW), Moeche (50,4 MW) e Badulaque (102,4 MW). Ademais de mostrar o seu compromiso coa “continuidade

e a viabilidade” de Alcoa, defendeu o acordo que asinaron empresa e traballadores “para que se cumpra, e se non é con esta empresa, con outra solvente”. Nese senso, insistiu en que a planta debe manterse, pero, “sobre todo”, o persoal. Por outra banda, o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas denunciou que Alcoa evacuaba augas residuais de maneira ilegal. A través dun anuncio da concesión para un emisario de evacuación das augas residuais da fábrica en San Cibrao, o sindicato detecta que se trataba da legalización do actual emisario xa en funcionamento, polo que foi construído sen permiso. Ademais, os vertidos ían dar a unha zona de augas de baño. Por iso, esixen á Xunta que exerza as súas responsabilidades na supervisión e control desta industria, aclarando dende cando estaba a evacuar a través dunha infraestrutura non legalizada e analizando a calidade das augas expulsadas.

Ampliarán as áreas de radioloxía, laboratorio e urxencias do hospital

O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, subliñou o compromiso da Xunta cos hospitais comarcais, “logo de preto de dez anos de melloras continuas no Hospital Público da Mariña, no que se levan investidos máis de 19 millóns de euros”. O conselleiro remarcou que os hospitais comarcais son imprescindibles unha asistencia sanitaria de calidade ao conxunto da cidadanía.

O conselleiro aludiu especialmente ás melloras levadas a cabo no Hospital Público da Mariña desde 2015 que, cun investimento de 19 millóns de euros, marcaron “un antes e un

despois” neste centro hospitalario. Destacou a dotación dun hospital de día oncohematolóxico e a execución dunha primeira fase de ampliación e reforma que supuxo a construción dun novo edificio de hospitalización e consultas externas, ampliando a superficie do centro en 6.000 m² e modernizando áreas como diálise e administración.

Tamén se referiu á ambiciosa actuación de eficiencia enerxética levada a cabo cun investimento de case 2 millóns de euros e á renovación e ampliación do equipamento tecnolóxico, cunha nova resonancia mag-

nética e un novo TAC, ao que se destinou 2,2 millóns de euros.

Tal e como detallou o conselleiro na súa intervención, o compromiso da Xunta co Hospital da Mariña, que atende a 70.000 persoas, continúa. O Goberno galego está a avanzar para desenvolver integramente a Fase II do Plan Director do hospital, unha actuación de relevancia que contará cun investimento de 30 millóns de euros e suporá a ampliación de áreas críticas como o hospital de día polivalente, as urxencias, radioloxía, anatomía patolóxica, laboratorio e cirurxía maior ambulatoria.

Localizan carabelas portuguesas nos areais de Foz e Barreiros

A subida da marea provoca que as carabelas portuguesas volvan aos areais de Foz e Barreiros. Os organismos apareceron nas praias de Llas e na Rapadoira, o que obrigou a controlar o baño nestes puntos. Barreiros tampouco foi alleo a esta situación, xa que tamén as localizaron nas praias do Coto e Lóngara, onde izaron a bandeira vermella. Algúns destes pólipos son dun tamaño moi pequeno, o que conleva que sexan difíciles de localizar para

os usuarios. Son perigosas para os bañistas porque as picaduras provocan unha inflamación da pel cunha dor e picor intensos, maior ca que provocan as medusas, así que se debe extremar a precaución. O aconsellable en caso de picadura é eliminar o resto de tentáculos con guantes e pinzas, lavar a zona con auga do mar sen refregar, aplicar calor para reducir a dor e aplicar unha crema de corticoides ou analxésicos.



O XI Festival Bal y Gay celebrarase na Mariña do 8 ao 23 de agosto

A deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, participou na presentación da XI edición do Festival Bal y Gay, que se celebrará en diferentes escenarios da comarca da Mariña entre o 8 e o 23 de agosto e que conta cunha colaboración por parte da institución provincial de 12.000 euros.

Neste acto de presentación, que se desenvolveu no CENIMA focense, tamén participou a presidenta da Mancomunidade da Mariña Lucense e alcaldesa de Lourenzá, Rocío López Hermida, e o presidente da Fundación Bal y Gay, Enrique Rodríguez Baixeiras, entre outras autoridades.

Carmela López avanzou que “este encontro de música clásica é xa un auténtico referente no panorama artístico, non só da comunidade galega, senón tamén no resto de España” e sinalou que “a comarca da Mariña converterase no epicentro da música clásica, grazas aos 12 concertos que se inclúen nesta programación e que interpretarán artistas de renome nacionais e internacionais”.

Así mesmo, a deputada subliñou que

“este evento permite que os veciños e veciñas se acheguen á música clásica a través de actuacións dun nivel excepcional e que, ademais, se realizan en escenarios e lugares de alto interese patrimonial”.

Nesta liña, Carmela López recordou a aportación económica que achega a institución provincial para a organización desta iniciativa e que supón un total de 12.000 euros.

López Moreno aproveitou a súa intervención para poñer en valor o “importante labor divulgador” que desenvolve a Fundación Bal y Gay, posto que “puxo en marcha destacados proxectos como o Sinfónico no Rural ou o MariñaEncanto, un encontro coral que reuniu en Burela a máis de 250 cativos e cativas da comarca”.

PROGRAMACIÓN. O 8 de agosto terá lugar ás 19.00 horas no Pazo do Conde de Fontao de Foz o primeiro concerto desta décimo primeira edición do Festival Bal y Gay e que interpretará un dos grandes cuartetos de Europa Elias String Quartet.

O 9 de agosto, ás 20.30 horas, no Auditorio Municipal Hernán Naval de

Ribadeo actuará o violinista armenio Sergey Khachatryan. Seguidamente, o grupo Nereydas ofrecerá dous concertos, o primeiro deles terá lugar o 10 de agosto ás 20.30 horas en Viveiro, e o 11 de agosto ás 20.30 horas en Ribadeo.

No Concello de Foz, o conxunto Música Ficta tocará o 14 de agosto ás 21.00 horas; e o 15 de agosto o pianista Martín García ofrecerá un concerto baseado na música de Chopin ás 20.30 horas na Basílica de San Martiño de Foz.

En Burela, actuará a soprano Ruth Prieto o 16 de agosto ás 20.30 horas, e o 17 de agosto ás 21.00 horas en Mondoñedo estará a Orquesta Sinfónica do Principado de Asturias. O 19 de agosto ás 21.00 horas en Lourenzá actuará Katharina Konradi & Cosmos Quartet e o 20 de agosto en Alfoz tamén se poderá escoitar a Cosmos Quartet ás 20.30 horas.

Os dous últimos concertos desta programación terán lugar en Cervo o 21 de agosto ás 20.30 horas, interpretado por André Cebrián, e pechará o Festival a Orquesta Sinfónica de Galicia o 23 de agosto ás 21.00 horas na Catedral de Mondoñedo.

O PSOE denuncia a precariedade da sanidade na comarca



O secretario xeral do PSdeG na provincia e presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, denunciou en Burela a precariedade que sofre a sanidade na Mariña en plenos meses de verán.

Alertou desta situación diante do Centro de Saúde burelés xunto á secretaria de Organización Adxunta do PSdeG, Ana Pena, a alcaldesa de Burela e deputada provincial, Carmela López, membros da executiva provincial, alcaldes e alcaldesas e voceiros e voceiras socialistas na comarca.

Tomé Roca expuxo que na comarca hai 9 vacantes de médicos de familia sen cubrir, ao que hai que sumar que tampouco se están cubrindo as baixas nin as vacacións dos facultativos.

“É o que pasa en Barreiros, por exemplo, que se vai quedar cun médico só no mes de agosto, cando é precisamente nesta época da ano cando se triplica a poboación na localidade pola chega dos turistas”, explicou. Unha situación que se replica en Viveiro, Foz, O Valadouro, Cervo ou O Vicedo.

Tamén alertou da falta de cardiólogo dende a xornada deste mércores no Hospital Público da Mariña, “algo realmente preocupante que pon en risco a saúde

da xente. Lamentablemente non é un tema novo, dende o PSdeG levamos dende hai tempo urxindo unha solución aos problemas que atravesamos na sanidade pública galega. Estamos no peor momento en anos. Necesitamos que alguén lle poña cabeza, eu onte mesmo reuníame con Alfonso Rueda e pedílle unha estratexia para solucionar este problema porque as medidas que toman dende Xunta de Galicia nesta materia parecen improvisadas e van dando tumbos”, expuxo Tomé Roca.

Así mesmo, pide políticas sanitarias públicas, porque o que está pasando, explicou, é que o PP “está expulsando aos sanitarios da pública, que se ven na obriga de traballar na sanidade privada, e paralelamente, derivando aos pacientes a realizar probas diagnósticas e consultas á privada. Evidentemente esta non é sanidade pública que defendemos os socialistas para Galicia”.

A alcaldesa de Burela e deputada, Carmela López, denunciou que no centro de saúde de Burela “temos días de só dous médicos dos seis que deberíamos ter, non se están cubrindo nin vacacións nin baixas e hai peonadas polas tardes dúas veces á semana”.



MARUXAINA
SAN CIPRIÁN 10 AGOSTO 2024
 DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO



CONCELLO DE CERVO



TEMPO DE VERÁN

“Estabamos na verbena contratando ás orquestras para o ano seguinte”

Especialmente no verán vese o resultado do esforzo de centos de comisións que loitan porque as tradicións non se perdan apoiándose nuns preparativos que comezan moito antes

Lucía Blanco

Ir de porta en porta para xuntar o diñeiro, horas de traballo para pechar o programa, organizar xuntanzas para conseguir financeiro, xestionar as subvencións e meses de planificación cun único obxectivo: que os veciños e veciñas poidan gozar da celebración como é debido.

“A xente pregunta como facemos. Este ano estabamos vendo á París de Noia, que abría as festas, e no primeiro pase dous da comisión andabamos cerrando orquestras

para o ano que vén”, explica Jairo López da comisión das Gándaras, en Lugo.

AS GÁNDARAS, LUGO

A ese nivel chega a planificación. “Os veciños están empezando a desfrutar das festas e nós xa estamos pensando nas próximas”, detalla este mozo que leva 14 anos na organización da cita, un cargo que parece xa “vitalicio”. “Non che está asignado pero ou decides ti parar ou se é polos veciños probablemente non pares. No 2019 o meu compañeiro e eu anunciamos que íamos facer un parón porque levamos case unha década traballando e non fomos capaces porque nos pedían seguir”.

Jairo, que conta con experiencia máis que sobrada, asegura que cada vez son máis complexos os preparativos. “As cousas empezaron sendo moito máis fáciles do que son hoxe en día. Principalmente porque cambiou o papel do Concello e tamén a normativa da Xunta en canto a festas no 2018, todo se foi complicando, que nunha parte é necesario pero costa”. A alta demanda en canto a formacións tamén os obriga a adiantar as contratacións. “Se queres conseguir unha orquestra como a París ou Cinema, necesitas unha planificación dun ano polo menos e sendo en marzo, se fora en xullo e agosto xa necesitarías un par de veráns como mínimo”.

Grazas ao seu esforzo lograron que o San Xosé sexa unha das celebracións referentes na cidade. “Nos últimos 14 anos medrou bastante, de ser unha festiña de barrio pequena que non viña ningún, só os propios veciños, a ser unha das grandes aquí”. Pero non quixeron quedar aí, polo que os 7 membros desta organización tamén se animaron a volver a poñer no calendario unha tradición que levaba tempo desaparecida para o barrio, o San Xoán.

“Facíao a asociación de veciños e quixemos recuperala como unha xuntanza veciñal”. Pero a acollida que tivo sorprendeunos. “Ao final veu moita xente, non contabamos con que tivera tanto éxito. Estamos moi agradecidos porque todos desfrutaron e mentres os veciños estean contentos non pode haber outra maneira”. Des-

taca que sempre contan co seu apoio. “Moitos colaboran con nós ao longo do ano, mesmo no San Xoán chegou o momento que se nos foi das mans e algúns arregáronse e axudaron a botar a festa adiante”.

O NOSO FOZ

Na comisión O Noso Foz tam pouco descansan. Encárganse de organizar, xunto co Concello, algunha das citas máis consolidadas no municipio focense, entre elas o Entroido ou o San Lourenzo. Tamén colaboran nas Festas do Carme que se celebraron na vila, como vén sendo habitual, no mes de xullo, aínda que a súa preparación arrincou en agosto do ano pasado. “A organización foi dura, como todos os anos! Pero estamos rodeados de xente boa e moi válida que nos axuda sempre en todo o posible”, din. O pregón, as verbenas, as presentacións literarias e as alfombras florais protagonizaron o programa porque o seu obxectivo sempre é “adaptar as patronais e as festas do concello a todos os públicos, que poidan desfrutar desde os máis novos ata os máis maiores”. Recoñecen que cada ano é máis complicado organizar unha festa, “aínda que tamén gañas experiencia”. Son sete nesta asociación que se renovou fai un par de anos e que enriquece a oferta cultural do municipio con propostas musicais, de teatro, danza, literatura, exposicións, homenaxes ou iniciativas para os máis cativos. “Intentamos realizar sempre actividades para todos os públicos e repartidas un pouquiño por toda a vila, para que todos poidamos desfrutar delas durante estes meses de verán”. O esforzo “persoal e emocional” que conleva formar parte dunha asociación non pasa desapercibido para os integrantes. “Tes que invertir unha cantidade considerable de tempo para que as cousas saian. É unha responsabilidade tremenda e cada vez é máis difícil. É reconfortante traballar para a vila, pero tamén esgotador, quen diga que todo é positivo minte”. Pero o agradecemento por parte dos focenses, aos que animan a tomar parte na comisión, fai que todo esforzo pague a pena. “Animamos aos veciños a unirse á asociación, seguro que entre todos se farían unhas grandes festas e fai falta aire novo aquí dentro. Temos que recoñecer que grazas á comisión coñecemos xente increíble e iso é algo





que nos levamos con nós para sempre”, afirman.

VILALBA

As patronais de Vilalba volven estar organizadas por unha comisión despois de varios anos nos que o Goberno local era o encargado dos festexos. Ramón, Vicente, Cristina, Sonia, Marta e Charlie deron un paso adiante para que os vilalbeses e vilalbesas non quedaran sen o seu ansiado San Ramón. “Estás esperando todo o ano polas festas, sobre todo o día 31 de agosto que vén xente que solo a ves eses días. Xa se nota no ambiente que se respira no pobo”, conta Vicente. Ademais da financiación municipal, están a preparar o libro das festas e vendendo rifas para unha viaxe, sen data, valorada en 2.000 euros. “Tes que ir pedindo bar por bar, tenda por tenda e tamén facendo anuncios para que o pobo se implique. Xa non se pide casa por casa porque é unha loucura, pero estamos vendendo papeletas”, afirma Ramón. Andar, pedir, falar moito e días e máis días de dedicación, así se podería

resumir o traballo. “Moita xente igual pensa que nos metemos na comisión para levarnos algo. E nós non levamos nada, ao contrario, estou co coche de arriba para abaixo. E constituímonos como asociación, todo vai coas súas facturas porque queremos telo todo ben”. O traballo comezou no mes de maio e foi preciso axustarse ao máximo aos recursos económicos cos que contan. “Co diñeiro que temos queremos pagar todo e se chega para algo máis mellor. Se contratamos nós as orquestras xa sabes máis ou menos ata onde podes chegar, pero como xa estaban contratadas temos que pagalas, non vas cambialas porque tampouco quedan moitas coa cantidade de celebracións que hai na zona nesas datas”, explica. Foliadas, pasacalles, verbenas, actividades para os máis cativos, a Xira ou o Día do Traxe Rexional conforman a programación deste ano que segue a fórmula tradicional. “É complicado facelo todo, temos por exemplo o Certame Literario que cumpre 50 anos e temos que axudar a que saia en condicións”. Porque a súa razón de ser é clara:

“Estamos loitando para que os veciños teñan unhas festas e se xunten cos seus seres queridos”.

OURAL, SARRIA

Asumir a responsabilidade nunha parroquia tampouco resulta nada doado. “Este ano quedamos dous á fronte, normalmente saen catro e dos catro que saíron máis dúas reservas non quixeron”, conta Javier Coto que, xunto con Jose, conforman a pequena comisión da parroquia sarriá de Oural, aínda que a experiencia venlle de familia. “Fai 40 anos os nosos pais estiveron na comisión. Nós somos amigos desde pequenos, así tamén discutimos menos —comenta entre risas—. Xa fixemos a festa fai 20 anos, aínda que non quedamos moi contentos co que se puido facer daquela e decidimos entre os dous facelo mellor esta vez dentro do que se pode”. Pecharon o programa no mes de novembro para as festas que celebran en xullo, pero ao longo do ano non cesaron na súa actividade. “Non é fácil, en moitos pobos igual se dan cotas máis grandes pero eu entendo que non

se pode, aínda que se se quere ter festa hai que xuntar cartos”. Por iso organizaron o Magosto en novembro con sesión de Dj e música tradicional. “Foi moi ben, pero metémonos en moito gasto entón a ganancia foi pequena. Así que en abril tivemos a Festa da Xuventude e trouxemos charangas que nos cedeu a Deputación e un dúo. Contamos tanto co apoio dos veciños como moita xente que non era do pobo que veu e quedamos moi contentos. Non temos queixa ningunha”. Precisamente, o factor económico, recoñece, preséntase como o maior reto. “Xuntar os cartos faise duro. Facer unhas festas nas que a metade do presuposto ou mesmo un 60 % se xunta fóra do pobo supón moitas horas pedindo. Neste caso, todo o mundo dixo que lle gustara o cartel pero tampouco se pode facer moito máis porque o prezo das orquestras é o que é e moitas das que están collidas xa sería inviable traelas tamén. Tivemos unha pequena colaboración da Xunta e todo axuda”. As mans non sempre chegan, polo que tanto Javier como Jose están moi agradecidos as súas mulleres, xa que “sendo solo dous sería imposible”. Xunto coas horas de dedicación e o esforzo, hai que compatibilizalo coa rutina, destaca este camioneiro. “A idea de facer unha festa é traballar ao final vas sacando tempo de onde podes, é un ano e intentamos levalo o mellor que podemos”. Javier queda tamén co gran apoio do seu compañeiro. “Nós que somos amigos desde pequenos e vivimos no mesmo pobo pois serviunos para xuntarnos case todas as semanas. Dicímolo moitas veces, valeunos para coller un hábito que non debemos perder porque sempre andivemos xuntos e queiras que no co tempo valo perdendo”.

Son meses de planificación cun único obxectivo: que os veciños e veciñas poidan gozar da celebración como é debido



Os focenses prepáranse para a II Festa do Mexillón

Os focenses teñen unha cita un ano máis na área recreativa Obispo Santo de Forxán, en Foz. O vindeiro xoves 15 de agosto o espazo será escenario dunha nova convocatoria da Festa do Mexillón. A cita, que chega a súa segunda convocatoria, comezará ás 14.00 horas.

Os asistentes poderán gozar da gran actuación musical de Dj e de colchonetes infantís para a cativada, que serán de balde. Ademais, haberá carpa e servizo de bar. O menú ten un prezo de 15 euros e inclúe ración de mexillón, empanada, auga ou viño, Requeixo e café. Os interesados poden mercar os seus tickets aos membros da asociación: Bar O Candil, Bar Escairo, Mercacartuchos Foz. A celebración, que se vai consolidando no calendario do municipio, está organizada pola Asociación Obispo Santo e conta coa colaboración do Concello de Foz, da Deputación de Lugo e da Xunta de Galicia.

O Torques de Marzán organiza unha gran churrascada

A asociación O Torques de Marzán organiza para este sábado 17 de agosto unha gran churrascada na explanada do pavillón de deportes Torques de Marzán. A partir das 20.00 horas haberá churrasco, chourizo, empanada, pan, viño e refrescos por un prezo de 15 euros. A música tampouco faltará na cita. Pois a xornada estará amenizada polo Dj Daio e D´Caché Musica e, xa ás 00.00 horas, terá lugar a gran queimada e conxuro especial do Druída do Cu do Castro.

Melloran o alumeadado na pista de Marzán

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a solicitude do Concello de Foz para investir remanentes do Plan Único 2023 en novas actuacións. Por unha banda, destinará 17.312 euros para realizar obras viarias nas parroquias de Cordido, Cangas, Nois, Fazouro, Vilaronte e Santa Cilla e, tamén, empregará outros 6.417,53 euros para a mellora de accesos na rúa Martínez Otero e na Rúa Miguel de Cervantes. Por último, destinará 3.327,23 euros para mellorar a iluminación na pista polideportiva de Marzán.

Continúan as obras de canalización da nova depuradora

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, anuncia para o mes de setembro a continuación das obras de canalización de impulsión da nova depuradora no casco histórico da vila. A tubaxe atravesará as rúas de Otero Pedrayo, Congostra do Cura e Paco Maañón. “Grazas á insistencia municipal as obras comezaron e a estación depuradora contará cun punto de descarga para o baleirado de fosas sépticas, que se está a tramitar a través dun proxecto modificado”, destaca o alcalde.

O goberno municipal conseguiu tamén “que se mantivese a construción dun novo tanque de tormentas que se situará na praia de Llas, para evitar as verteduras que se producen en períodos de choiva na parte central da praia”. Asegura que sempre colaboran “ante o risco de continuar cunha ría sen depurar, aínda que non nos convenza unha solución que vai a supoñer un sobrecusto anual de 150 mil euros soamente na enerxía do equipo de bombeo para elevar as augas fecais. Tampouco nos felicitamos pola rapidez dunha obra que comezou con oito anos de atraso,

creo sinceramente que non se debe enganar aos veciños”, destaca o alcalde.

Ademais Fran Cajoto cualifica de “tremenda ocorrencia o aplauso forzado que lle fai o voceiro popular a Augas de Galicia polo avance das obras da depuradora. Obras que son posibles, segundo recorda, pola insistencia, a tramitación, o impulso e o traballo continuo de moitas horas que está a facer o goberno municipal”. O alcalde recorda que “o convenio inicial marcaba o ano 2016 como o de inicio das obras. Ata este 2024, oito anos despois, non comezaron os traballos e o voceiro popular vanaglóriase da rapidez. Porén quéixase amargamente do retraso de un ano nunha obra convenida coa Deputación como é a das casas baratas. Este é o nivel”. A nova depuradora, que xestiona Augas de Galicia, ten un custe total de 13.467.885,58 euros: nun 80 por cento están financiadas pola Unión Europea a través dos Fondos Europeos de Desenrolo Rexional para o período 2014-2020 (10,78 millóns de euros). O 20 % restante está fi-



nanciado polas veciñas e veciños, que pagan nas súas facturas de auga cada dous meses o concepto “canon da auga”, un imposto finalista establecido na Lei 9/2010 de Augas de Galicia (2,72 millóns de euros).

“O máis curioso é meter á Deputación de Lugo polo medio cando quen recada o canon da auga é Augas de Galicia. Creo sinceramente que se está perdendo o norte das competencias intentando crearlle máis confusión á xente. Sexamos serios”, explica o alcalde, en referencia ás alusións do Partido Popular.

O Concello “é responsable e requirimos ás empresas que evitaren a construción da canalización de impulsión nos meses de verán no centro histórico. Vamos seguir reclamando celeridade, pero tamén a máxima das calidades nas obras dunha infraestrutura que vai a ter

que conservar e manter o Concello e que supoñen un reto pola complexidade dun bombeo que atraveso o núcleo da vila”, remata o rexedor municipal.

Por outra banda, os concelleiros do PP celebran o bo ritmo das obras da nova depuradora do municipio, con tres frentes de obra abertos o que permite que se avance de forma notoria. O voceiro popular Javier Castiñeira explica que a propia depuradora na Granda de Forxán, onde os traballos das estruturas dos decantadores van a moi bo ritmo e tamén que a obra do pozo de tormentas, no porto de Foz, está xa na fase de cimentación. Javier Castiñeira lamenta que, pola contra, a Deputación de Lugo non participa nestes servizos, a pesar de que o alcalde de Foz tamén é deputado provincial.

Remata a renovación do parque infantil da rúa Julia Minguillón

As nenas e nenos do concello de Foz poden desfrutar de novo do parque infantil da rúa Julia Minguillón despois da reforma integral realizada. O alcalde recorda que este parque “foi aberto no ano 2009 polo alcalde Pepe Rivera. Quince anos despois, grazas ao financiamento da Deputación de Lugo, a área infantil de xogos foi completamente renovada, con pavimento continuo de caucho e nove xogos distintos entre os que se inclúen dúas estruturas con tobogán e plataformas, dúas estruturas de bambáns e dous balancíns”. Foron 63.000 euros de inversión dentro dun proxecto de 120.000 euros que inclúe a renovación dos parques infantís de Cu do Castro, na praia de Llas, e do parque de Marzán, “no que comezaremos a traballar o próximo luns e que permanecerá pechado durante a execución das obras”. Esta actuación enmárcase dentro dun plan de renovación de parques infantís que comezaron



no Paseo de Colón, a carón da Rapadoira, e no parque da rúa Uxío Novoneira, “no que se construíron as dúas primeiras pistas de petanca da Mariña -que están a ter un gran éxito- e que se acaba de ampliar con dúas pistas adicionais”.

O alcalde e o concelleiro de parques e xardíns, Ángel Fernández Neira, anuncian ademais unha próxima actuación para o acondicionamento do conxunto do espazo do parque

de Julia Minguillón. “Renováronse as antigas fotos de Foz deste parque grazas ao traballo tamén de Xesús de Breogán e de Chema Linares. Despois da renovación completa do parque infantil, cómpre substituír as pasarelas deterioradas do xardín, unha mellora no espazo cardio-saudable do parque e o pintado da pérgola e dos valados. En próximas datas executaremos estes traballos”, rematan.

O PP denuncia que as pantallas do Cinema non funcionan

Os populares de Foz advirten que “case todas as pantallas de ‘A Mariña virtual’ situadas na Oficina de Turismo do Cinema están avariadas. Suportemos que se pode deber á falta de mantemento”, segundo apunta a concelleira Verónica Soto. Os populares lamentan a “deixadez e falta de preocupación do Goberno municipal” que “non se preocupa polo correcto funcionamento dun servizo turístico importante para un pobo coma Foz que se converte nun referente turístico polo verán”.

De feito, explican que “viñeron excursións con autobuses cheos de xente e turistas que non puideron usalas porque só funcionan dúas ou, como moito, tres”. Soto recorda tamén a falta de aparcamento pola “mala xestión do goberno do Concello que ocupa os espazos dos aparcadoiros públicos municipais con material de obra e non se poden empregar para aparcarse”. Polo que engade: “Todo o relacionado co turismo, en pleno mes de xullo en Foz, falla. Agora tamén falla A Mariña virtual”.

A comisión presenta o contido das festas de San Lourenzo de Foz



Foz celebra as festas de San Lourenzo desde o 7 ata o vindeiro día 11. O programa comeza o mércores, ás 18.30 horas, co IV Festival de Bandas Vila de Foz. Haberá pasacalles dende as 18.30 horas e logo, ás 19.30, terá lugar o concerto da Banda de Música de Foz, Banda de Música de Antas de Ulla e Banda de Música de Lantaño.

O xoves Carolina Iglesias encargárase de dar o prego a partir das 20.30 na praza Rosalía de Castro. A partir das 21.00 horas actuará, tamén na praza, a Banda de Música de Foz da man do programa Tradigalu da Deputación de Lugo. O venres haberá verbena con Los Coleguitas e orquestra Fania Blanco Show na explanada portuaria a partir das 22.30.

O sábado haberá misa solemne e procesión acompañada da Subela de Foz e sesión vermú a cargo da orquestra Magos que estará acompañada polo grupo Zona

Zero á noite. Ás 23.59 horas dará comezo o espectáculo pirotécnico de fogos artificiais no Paseo de Laredo. O domingo a sesión vermú virá a cargo da orquestra Compostela que tamén ameni-

zará a xornada da noite a partir das 22.30 horas na explanada do porto. As festas están organizadas pola comisión O Noso Foz, coa axuda e colaboración do Concello e da Deputación.

Abre o prazo para participar no mercado da Festa Normanda

Permanece aberto o prazo de inscrición para participar no mercado da Festa Normanda que se celebrará os días 29, 30, 31 de agosto e 1 de setembro de 2024. Os interesados poden poñerse en contacto coa asociación a través do correo mercado-normando@hotmail.com

A Festa Normanda é unha das celebracións máis recentes que se celebran en Foz, aínda que esta cita que rememora a invasión errada dos viquingos sobre o pobo lucense xa está máis que

consolidada no calendario. De momento, non hai confirmación do programa pero nas últimas edicións os asistentes puideron gozar dun mercado medieval, unha obra teatral que teatraliza o desembarco e o afundimento dos barcos viquingos ademais de actividades, xogos e teatro para os máis pequenos. Tamén podería recrearse como en anos anteriores na praia focaga de Tupide, o desembarco viquingo e o combate entre a poboación e os invasores normandos.

Foz celebrou as Festas do Carme cun gran éxito de asistentes



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asistiu á misa na honra á Virxe do Carme, cantada polo coro Mar Aberto, que tivo lugar na Praza Conde de Fontao do Concello de Foz con motivo das Festas do Carme 2024, patroa dos mariñeiros.

A este acto tamén asistiu o alcalde do municipio e deputado de Recursos Sostibles da institución provincial, Francisco Cajoto Caserío, así como outros membros da corporación municipal e outras autoridades.

Tras a misa realizouse a tradicional ofrenda floral e a procesión, que reuniu a centos de veciños e veciñas e visitantes.

Ao igual que en anteriores edicións, a programación das Festas do Carme de Foz, que comezaron o pasado 13 de xullo e rematarán este mesmo mércores, inclúe unha ampla programación de actividades como actuacións musicais, inchables e obradoiros dirixidos aos cativos e cativas ou actuacións teatrais, entre outras moitas iniciativas.

O TAMARINDO DE CAMPO DA CABANA



O municipio de Foz dixo adeus dun elemento singular moi querido que xa se convertera nun monumento máis para a veciñanza do municipio. O impacto dun camiión, xunto coa súa idade, provocaron o derrube do tamarindo de Campo da Cabana, un exemplar de certa lonxevidade que non resistiu ao impacto, polo que acabou por caer na beirarrúa, sen ter que lamentar danos persoais.

San LOURENZO 24 - FOZ

7, 8, 9, 10 E 11 DE AGOSTO

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO

Logos at the bottom: Concello de Foz, XUNTA DE GALICIA, galicia // ABANCA, Deputación de Lugo, and Cultura.

Acisa renovará a súa xunta directiva

Acisa Ribadeo convoca asemblea extraordinaria para proceder á renovación da súa xunta directiva o 19 de setembro. Ata entón a actual estará en funcións. O xerente do colectivo empresarial, Jesús Pérez, explicou que foi asinada por parte da presidenta, Carmen Cruzado, a convocatoria de asemblea extraordinaria para a celebración de eleccións. “Xunto á convocatoria electoral fíxoselles chegar a todos os socios un informe da nosa entidade coa situación económica actualizada, as actividades previstas e outros asuntos de relevancia interna, así como a explicación do proceso electoral.” Comeza o proceso electoral, “cumprindo así o requisito de convocar eleccións no prazo establecido polos estatutos e dando así un período de algo máis de 2 meses, para que se poidan conformar as candidaturas, que teñen desde hoxe mesmo e ata o 12 de setembro ás 12:00 horas para presentarse. Ao mesmo tempo, destacar que o censo para ser elixible ou elector pecharase o 2 de setembro”. Por tanto, terán dereito a presentarse como candidatos ou a votar aquelas empresas dadas de alta e que estean ao corrente do pago das cotas o 2 de setembro.

Ribadeo acollerá unha feira do automóbil novo e usado

Ribadeo acollerá unha feira do automóbil novo e usado os días 31 de agosto e 1 de setembro. Está organizada por Apaga e enmárcase no XIII Fórum de Innovación e Formación sobre Vehículos. Seis firmas teñen confirmada xa a súa presenza. Esta é unha das novidades do Fórum, que arrincará o 28 de agosto, nas instalacións de Apaga.

Medio cento de persoas teñen xa confirmada a súa asistencia ao XIII Fórum de Innovación e Formación sobre Vehículos.

Este ano farase unha experiencia nova a petición dalgunhas empresas que solicitaron que se organizara unha feira do vehículo novo e usado. Entón o Concello de Ribadeo xestionou o porto, onde está a lonxa, será naquela zona.

Hai distintas empresas xa que están dispostas a participar, pero tamén vaise deixar un espazo para aqueles particulares que queiran vender o seu coche.

Vai ser un espazo aberto e a organización espera contar con foodtrucks e outro tipo de xente que participa nas feiras, que estean interesados en estar alí presentes tamén contaremos cun espazo para eles.

Milleiros de persoas achegáronse ao noveno Ribadeo Indiano

Centos de persoas achegáronse ao Concello de Ribadeo para desfrutar da novena edición do Ribadeo Indiano, que comezou coa presentación deste evento histórico cultural no Teatro, seguida do pregón a cargo de Pilar Cagiao, profesora titular de historia de América da USC.

Entre as actividades destacadas que atraeron a tantas persoas á Mariña lucense destaca a baixada ao peirao de Porcillán na compañía do cuarteto tradicional Illa Pancha para darlles alí a benvinda aos indianos, a cargo do Grupo de Teatro de Ribadeo.

Pola súa parte, o sábado foi o día máis dinámico en canto a actividades, xa que houbo conferencias, torneos, visitas teatralizadas, obradoiros de baile, a rifada xincana, o mercado de ultramar na rúa de San Roque, a entrada dos elegantes haigas, o concerto da Banda Municipal de Música de Ribadeo e de Contrabando, así como tivo lugar o Festival de Habaneras e Música Hispanoamericana coas corais de Valparaíso, de Valladolid, a de Brigantino, de Bragança, e a Coral Polifónica de Ribadeo.

Finalmente, o domingo, produtoras e produtores locais ofreceron sabo-



rosos e sans produtos de proximidade no Mercado dos Domingos, recibíuse de novo aos elegantes haigas, houbo visitas teatralizadas, conferencias e obradoiros de baile, e tivo lugar A Devesa, cun xantar campestre no Círculo Habanero”.

VALORACIÓNS. O Concello e Acisa fixeron un balance moi positivo do noveno Ribadeo Indiano. Concretamente, o alcalde, Dani Vega, subliñou que o impacto económico achegouse aos catro millóns de euros. “Temos que facer unha valoración moi positiva deste Ribadeo Indiano, que estivo organizado desde o Concello con Acisa. E tamén temos que dar as grazas

á Xunta de Galicia e á Deputación de Lugo por toda a colaboración e tamén a todas esas persoas que quixeron colaborar para que isto saíse adiante”.

Vega dixo que “hai que dar as grazas a todos os veciños, porque durante estes días tamén causamos algún tipo de molestia nos aparcadoiros ou coas rúas cortadas, pero hai que entender que se trata dun evento importante para Ribadeo desde un punto de vista cultural, pero tamén desde un punto de vista económico. Podemos estar a falar, con total tranquilidade, de preto de 4 millóns de euros de impacto económico e isto vai medrando ano tras ano”.

O PP interésase polo segundo acceso á localidade desde a autovía A-8

Os senadores do PP pola provincia de Lugo, José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano, interésanse na Cámara Alta polo “segundo acceso a Ribadeo dende a autovía A-8, unha demanda recorrente dos veciños de Ribadeo e de toda a zona e que lidera o alcalde ribadense, Dani Vega”.

Concretamente, os representantes no Senado formularon unha pregunta ao Goberno de España para saber se compromete a executar esta reclamación dos ribadenses e da veciñanza dos concellos da zona; e, nese caso, saber cales son os prazos e o investimento previsto. Os senadores subliñan que Ribadeo constitúe “unha entrada a Galicia” e, ademais, é un dos concellos máis puxantes na comarca e na provincia” polo que “agardamos que o Goberno sexa receptivo”.

Os populares explican que, na actualidade, “só hai un acceso” a Ribadeo dende a A-8 cando se circula cara Ribadeo en sentido Asturias” e inciden en que “executar un segundo acceso ofrece múltiples beneficios a curto e longo prazo en termos de mobilidade, seguridade e desenvolvemento económico”.

O Xara Fest terá máis de 18 horas de música



Ribadeo prepárase para acoller a segunda edición do Xara Fest, que se celebrará o próximo 17 de agosto, sábado. Este evento será gratuito (agás o afterparty). O festival comezará ás 12.00 horas na rúa San Roque cun mercado que contará coa participación de marcas independentes de toda España.

Ata as 19.00 horas os asistentes poderán gozar dunha variedade de produtos e servizos, tales como personalización de camisetas en directo, barbaría e tatuaxes. Ademais, haberá actuacións de ao vivo art e as sesións dos DJs Wachu, Sad, Baby Romeo e Ddifícil ao

longo de todo o mercado. Haberá concertos na Rúa San Lázaro. A partir das 20.00 horas o festival trasladarase ao aparcadoiro da rúa San Lázaro, onde se desenvolverán os concertos principais ata as 2.30 da madrugada. O cartel inclúe actuacións gratuítas de Abhir Hathi, John Pollón, Juicy BAE e Kid Mount. Os DJs Wachu e Baby Romeo serán os encargados de abrir e pechar esta etapa do festival, considerada como o gran atractivo do evento. Para aqueles que desexen continuar a festa, o afterparty celebrárase na discoteca Rosalar desde as 2.30 ata as 6.30.

O Concello incrementa as axudas en Benestar Social ata os 14.500 euros

Ribadeo incrementa as axudas en Benestar Social tras asinar os convenios das subvencións nominativas para 2024. As asociacións beneficiarias son Cogami, Axuda ao Enfermo Mental A Mariña, Fundación Edes, Cruz Vermella e Cáritas. A partida destinada a este fin é de 14.500 euros.

“Creo que demos un paso moi importante. En primeiro lugar, colaborar con máis entidades e subir a partida, dentro dos orzamentos 2024, dentro dun Plan Estratégico 24-26, que foi aprobado no pleno do 4 do 12 do 2023. Houbo un total respaldo por parte do pleno, polo tanto apóianos e tamén garante un total apoio por parte dos grupos políticos”, explicou o alcalde, Dani Vega.

O rexedor cre que “o Concello acertou en incrementar as partidas orzamentarias en Benestar Social e tamén acertamos en sumar mais entidades á hora de colaborar. Entre todos estamos

facendo un bo traballo”. Deste xeito, colaboran coa asociación Cogami, cunha achega de 2.000 euros, tamén coa asociación Axuda ao Enfermo Mental A Mariña con 4.000 euros, coa Fundación Edes con 2.000 euros, coa Cruz Vermella. “É a primeira vez que se incorpora a este Plan Estratégico, e tamén colaboramos con Cáritas, con toda ese labor que está facendo, creo que tamén é importante. Todos estes colectivos que cumpren unha función importante, que cumpren cun traballo que ás veces non valoramos, e desde logo desde as institucións, debemos valorar e apoiar con orzamentos”. Para o alcalde ribadense “o de hoxe foi un acto importante, debemos seguir incrementando entidades no 2025 e así o vamos facer. Seguiremos colaborando e quero darlles as grazas a todos por ese inmenso traballo que realizan todos os días”.

Chega á vila a terceira edición do Festival de Cine Curto de Ribadeo

Consolidado xa coma unha das grandes datas da cultura cinematográfica da Mariña Lucense, o Festival de Cine Curto de Ribadeo volve coa súa terceira edición neste mes de agosto, mantendo a iniciativa orixinal de achegar ao público o mundo da curtametraxe e seleccionar traballos relacionados cos cineastas e profesionais da zona. Na segunda edición, a curtametraxe "Nena", do actor e humorista Xosé Antonio Touriñán e o director Jairo Iglesias, resultara o traballo máis votado e recibira o Premio do Público.

Ademais, outorgárase a Mención do Xurado á curtametraxe "Sandwich Cat", de David Fidalgo. Este ano, oito novas curtametraxes, todas recentes, vencelladas coa nosa zona e de xéneros variados, competirán polo Premio: "Segunda", de Anita Pico; "Pathos", de Andrea Noceda; "Histeria do meu pequeno mundo", de Pablo Fontenla; "Alicia fai cousas", de Ángel Santos; "Vellamorta", de Juan Galiñanes e Andrea Bouzo; "Los domingos que quedan", de Manolo



Pavón; "Trastos: un día normal na vida de Persoa Maceta Lámpada", de Javier Blanco Armada, e "Esto no es Noruega", de Alicia Albares e Paco Caveró.

Dende a organización, animan ao público a asistir a ambos eventos, xa que cada un ofrecerá unha parte distinta da experiencia dun festival de cine e, ademais, a entrada é gratuíta. A primeira data, a proxección e votación do público asistente, o xoves 8 de agosto ás 20 h no Cine de Ribadeo, será o único dos dous días que se poderán ver e puntuar

as oito curtas seleccionadas, presentadas alí mesmo polos seus autores. A segunda data obrigada será a Gala Final, o venres 9 ás 20 h no Cine Teatral de Ribadeo. Nela, o padriño desta edición e recente gañador do Festival, Xosé Antonio Touriñán, actor, humorista e director, fará entrega do Premio do Público e da Mención do Xurado. Ademais, nesta Gala, a cantante e compositora Belém Tajés, ex-integrante do grupo Luar na Lubre e autora da banda sonora da curtametraxe gañadora do ano pasado, ofrecerá unha actuación.

Destinan 370.000 euros ao arranxo da estrada local da costa

O Concello de Ribadeo destinará 370.000 euros ao arranxo da estrada local da costa. O alcalde, Dani Vega, asegurou que estaba totalmente abandonada e que os traballos darán comezo despois do verán. O rexedor subliñou que "vamos investir 370.000 euros na estrada da costa. Somos conscientes do seu estado, sabemos que é unha estrada moi transitada, moi usada, anos e anos de abandono, nos que non se investiu absolutamente nada e agora vamos tomar esa decisión de investir".

As obras comezarán despois do verán. "Non podemos antes, porque primeiro téñennos que aprobar o Plan Único por parte da Deputación



e a partires de aí licitaremos e investiremos eses 370.000 euros". Para Vega "esta é unha decisión acertada porque hai unha necesidade e neste escaso período que levamos no goberno, un ano, xa tomamos esta de-

decisión de investir nunha estrada que evidentemente é moi usada porque vertebra todas as parroquias, porque ten unha comunicación tamén por toda a costa altamente turística esa zona.

Veciños homenaxeán ao Viejo Pancho cunha ofrenda floral



Ribadeo rendeulle homenaxe ao Viejo Pancho cunha ofrenda floral na Praza de España, a carón do busto do poeta gauchesco uruguayo nado neste concello. Coa lectura de poemas, a música das gaitas de Follas Novas, e as intervencións do alcalde ribadense, Dani Vega, e do cónsul de Uruguai en Galicia, Ramiro Rodríguez, desenvolveuse a ofrenda floral na que foron depositadas unha coroa e un ramo de flores. Por parte da Xunta de Galicia asistiu a directora territorial de Emprego, Comercio e Emigración, Carmen José López. Concelleiros da Corporación Municipal de Ribadeo, así como representantes do mundo da cultura,

veciños e veciños ribadenses seguiron de preto a devandita ofrenda. A continuación tivo lugar unha eucaristía na igrexa parroquial de Ribadeo e despois no Concello a presentación do libro El Viejo Pancho. Antoloxía poética bilingüe, con introdución de Gustavo San Román e tradución feita por Daniel Chapela, Belén Senín e Armando Requeixo do Centro Ramón Piñeiro, dependente de Cultura. Así remataron os actos de conmemoración do centenario do pasamento do Viejo Pancho, que deron comezo coa representación de *El rigor de las desdichas, juguete cómico en un acto y en verso* a cargo do Grupo de Teatro de Ribadeo

O BNG pídelle ao alcalde que deixe de usar os medios oficiais de forma partidaria

O BNG de Ribadeo reclámalle ao Goberno municipal que saiba diferenciar planos á hora de felicitar a calquera veciño ou veciña que destaque polo mundo adiante. Para eles non pode ser que un recoñecemento público cara a unha persoa derive nunha serie de comentarios de contido confesional. Lembran que o concello de Ribadeo, como todas as institucións do estado, é aconfesional. Nunha Europa na que predomina a aconfesionalidade, nun estado

no que o artigo 16 da Constitución afirma dito carácter aconfesional, "os comentarios feitos polo goberno municipal de Ribadeo a respecto do nomeamento de Monseñor Antonio José Valín Valdés como bispo de Tui-Vigo, non son de recibo". Aseguran que do mesmo xeito que gasta diñeiro sen control, fai comentarios sen ter en conta todas as distintas sensibilidades e ignorando os principios básicos de convivencia democrática.

Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?





Continúa o mantemento do estadio Pepe Barrera

Estanse a realizar os traballos de mantemento do terreo de xogo do estadio municipal Pepe Barrera. “Hai uns días iniciamos os traballos de mantemento do terreo de xogo do Pepe Barrera. A empresa Xardín Senra é a encargada de facer a escarificación, semente e abonado do campo, tarefas para as que está a empregar 60 toneladas de materiais de primeiro nivel”, explica o concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent,

Tras os últimos meses de xogo do Ribadeo FC, da SD Ribadeo e de todos os torneos celebrados no Pepe Barrera, “chegou a hora de poñelo a punto para a nova tempada, que arrincará xa o vindeiro mes de agosto coa celebración do Trofeo Emma Cuervo”. O edil de Deportes engade que “Xardín Senra cooperará co Concello para manter en bo estado o campo do Pepe Barrera durante toda a temporada”.



Crean un foro de análise de Down de Lugo na vila

Ribadeo inicia unha colaboración coa asociación Down de Lugo para promover un foro de análise. O colectivo contará cunha subvención nominativa do Concello, segundo deu a coñecer o alcalde, Dani Vega. “Ribadeo acolleu un encontro coa asociación Down Lugo, que para nós é importantísima, con implantación a nivel provincial e que se fixou en Ribadeo para iniciar proxectos de futuro”, explica. Vega indicou que “foi un encontro que se celebrou en primeiro lugar no Concello, onde lles demos a benvida a todos e despois tamén acudiron ó centro de Pedro Murias, onde puideron desfrutar primeiro dunha comida e despois de actividades. En definitiva desfrutaron do Ribadeo que queremos todos”.

O alcalde contou que “levamos tempo traballando para iniciar proxectos e un camiño xuntos. E en primeiro lugar anunciamos que no presuposto do 2025 vai haber unha colaboración, é dicir unha subvención

nominativa, para esta asociación. Polo tanto seguimos incrementando unha aposta decidida polos servizos sociais, pola colaboración con asociacións que están cumprindo un traballo fundamental para abrazar e para valorar á persoa. E dende logo nós vamos estar sempre con eles colaborando”.

Dani Vega dixo que “con este anuncio desa subvención nominativa convertémonos no primeiro concello da Mariña en colaborar coa asociación Down de Lugo. E tamén vamos iniciar un traballo conxunto para que Ribadeo se converta nesa sede dun foro de análise de propostas para mellorar. Polo tanto a asociación Down Lugo e o Concello de Ribadeo van preparar un foro de debate e de propostas para seguir avanzando nesta materia”. Para o rexedor “son dúas propostas moi serias, moi concretas e tamén iniciamos conversacións para valorar distintas ideas e vamos darlles o encaixe legal para que sexa así posible realízasas”.

Ribadeo logra unha subvención de 50.000 euros para a moeda local

Ribadeo acolleu unha xuntanza da mesa local de comercio con asistencia, por vídeo conferencia, do director xeral de Comercio, Gabriel Alén. Entre os asuntos abordados figuran a achega de 9.500 euros que recibirán os praceiros da praza de abastos así coma o convenio por importe de 50.000 euros suscrito entre o Concello e a Dirección Xeral de Comercio, que irá destinado en parte á nova campaña da Pancha, a moeda local de Ribadeo.

O alcalde, Dani Vega, contou que participaron “como goberno, tamén membros da oposición, Acisa e, por primeira vez, tamén participou o director xeral de Comercio. Eu creo que é moi importante ter estas reunións. Evidentemente apróbanse certas cuestións que van na orde do día, pero aparte diso fálase de cousas fundamentais para o futuro”.

A Mesa Local de Comercio “concretouse en primeiro lugar unha axuda de 9.500 euros para



os praceiros da Praza de Abastos. E partir de aí tamén vai haber unha solicitude dunha subvención por parte do Concello para ir preparando e modernizando a nosa Praza de Abastos”. En segundo lugar, saíu adiante “o convenio de colaboración entre a Dirección Xeral de Comercio, da Xunta de Galicia, e o Concello de Ribadeo, de 50.000 euros. Aí vamos empezar, como xa se aprobou no pleno da corporación municipal anterior, esa colaboración

para o incremento no orzamento da Pancha; pasamos de 65.000 a 85.000 euros de presuposto”. Polo tanto é un incremento de 20.000 euros, que “todos os veciños e visitantes, todos aqueles que consuman e compren no comercio local van ter máis axuda que en anos anteriores. E tamén con ese orzamento de 50.000 euros vamos traballar na dixitalización e na dinamización do comercio”. O alcalde fixo unha valoración positiva desta xornada de traballo.



Cambian as ventás da Escola de Música cunha axuda de 40.000 euros

Executado na Escola de Música o convenio asinado entre o Concello e a Xunta por importe de 40.000 euros, que permitiu proceder ao cambio das ventás.

O alcalde, Dani Vega, explicou que “rematamos as obras na Escola de Música cunha achega económica da Xunta de Galicia de 40.000 euros coa firma dun convenio e nestes momentos cambiamos parte das ventás, melloramos o peche, e aínda nos queda pendente unha parte delas. Nestes momentos estes corenta mil euros serviron para mellorar as instalacións”.

O rexedor subliñou que “o seguinte paso será mellorar a accesibilidade, eliminaremos esa barreira arquitectónica, ese escalón lateral, e tamén imos instalar un ascensor. O orzamento son outros 40.000 euros e comezarán as obras enseguida”.

Vega dixo que “estamos a mellorar a Escola de Música neste primeiro ano e imos seguir investindo, non soamente en mellorar as instalacións senón tamén en buscar o financiamento para que a Escola de Música teña novo equipamento. Seguimos traballando e xestionando orzamento, que é o importante”.

Estudan mellorar o saneamento e abastecemento de augas no concello

A Xunta de Galicia e o Concello de Ribadeo estudan fórmulas de colaboración de cara a mellorar o saneamento e abastecemento de augas na localidade. Nesa liña, nunha reunión que mantiveron recentemente a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e o alcalde da localidade, Daniel Vega, analizaron a situación da iniciativa para mellorar o saneamento do núcleo urbano.

Tal e como lle avanzou a conselleira ao rexedor, a previsión é adxudicar despois do verán a elaboración dun estudo previo para analizar as actuacións de mellora a desenvolver na rede de saneamento do núcleo urbano, que foi licitado o pasado mes de marzo, cun orzamento de preto de 280.000 euros.

A maiores, durante o encontro tamén avaliaron a necesidade de implementar melloras no sistema de abastecemento de auga e dar solución ao problema que supoñen as perdas que sofre a rede. Cómpre indicar que a Xunta continuará prestando o seu apoio técnico e económico aos concellos para que poidan exercer as súas competencias de saneamento e abastecemento de xeito máis eficiente e prestar servizos de calidade á súa veciñanza.

A X edición do festival Osa do Mar chega cargada de actuacións

O X Festival Osa do Mar 2024, que terá lugar os vindeiros 6, 7 e 8 de setembro, presentárase na Praza da Mariña de Burela, no que estarán representadas institucións, empresas patrocinadoras e a Asociación Cultural Fanto Fantini.

Despois do acto terá lugar na mesma praza a actuación do grupo ABRIL, un directo enmarcado dentro do acordo de colaboración establecido entre Mahou e a Fundación Paideia, co obxectivo de apoiar o talento e impulsar proxectos musicais incluídos dentro dos programas de aceleración promovidos pola Fundación. Tamén se quixo dar as grazas aos pequenos patrocinadores que colaboraron co Festival a través de diferentes fórmulas e desde Fanto Fantini animan ás empresas a que sigan mercando o Bono A Marosa para empresas colaboradoras.

Os organizadores avisan aos interesados que “non se durman para mercar as entradas, xa que se leva



vendido máis do 60 % do aforo” destacando “o ambiente que cada ano se crea en un evento que é moito máis que un festival”.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, felicitou aos promotores, “porque grazas ao seu empeño o Osa do Mar figura entre os festivais de música máis consolidados no panorama da Mariña”. Remarcou que a cantidade de público que acude a Burela para desfrutar dos concertos xera un impacto positivo na economía local.

O delegado tamén gabou “a aposta que fan pola música en galego e feita desde Galicia”, coa presenza de artistas consagrados como Iván Ferreiro xunto con outros como Tanxugueiras, Mondra, Grande Amore ou The Rapants.

Arias asegurou que dende hai anos o Goberno galego está a contribuír á celebración de eventos deste tipo en moitos concellos da provincia co obxectivo de que a programación cultural chegue a todo o territorio.

Queiman o banco elaborado cos restos do castiñeiro centenario de Cinoche



Queiman o banco elaborado cos restos do castiñeiro centenario de Cinoche. Dende a Asociación de Veciños O Vencello denuncian o acto vandálico e lamentan que esta peza tan singular para Burela tivera este final por mor deste feito tan ruín. Ao fío deste triste acontecemento, queren tamén poñer de manifesto a súa inqueda ante o preocupante incremento de delitos no concello nas últimas datas.

Aseguran que sucesos coma a queima a do banco de Cinoche, xunto cos intentos de roubo en varios locais comerciais e de hostalaría e o recente roubo con violencia a unha muller de avanzada idade á luz do día e en pleno centro da vila, fan que exista un estado de alarma, indignación e tensión en aumento entre a veciñanza. Por isto, queren trasladar a súa preocupación ao Concello e á subdelegación do Goberno en Lugo e demandámoslles que, ademais de informar da súa labor en Redes Sociais e de publicar regularmente en prensa as reunións na Xunta Local de Seguridade, artellen máis vixilancia na rúa.

O Concello tamén amosa a súa repulsa cara a queima da escultura creada a partir do castiñeiro centenario do camiño de Cinoche, e convoca unha concentración contra os delitos de odio no lugar dos feitos para este mércores 24 de xullo, ás 20.30. A obra, que servía como banco para a veciñanza e turistas que visitaban a zona e gozara dunha gran repercusión, foi creada polo artista Carlos García logo de que o singular castiñeiro fora derribado en febreiro pola borrasca Karlotta. Foi inaugurada o pasado día 9 de xullo.

“Espertar hoxe coa noticia de que a árbore centenaria que foi convertida en banco, obtendo tantísima aceptación e agarimo entre a veciñanza, foi calcinada, provócame como alcaldesa unha indignación total e unha repulsa absoluta”, sinala a rexedora Carmela López. “Se o culpable ou culpables pensan que todo vale están equivocados, e se pensan que isto é un ataque persoal ou contra o meu equipo de goberno están máis equivocados todavía”, engade.

O servizo de abastecemento de auga potable recibe a ISO 22000

A alcaldesa de Burela, Carmela López, e a conselleira delegada de Espiña & Delfín, Rosa Branca Rodríguez, recolleron os certificados da norma ISO 22000:2018 para o servizo de abastecemento de Burela. Coa implantación deste estándar mundial de referencia no ámbito da seguridade alimentaria, achéganse novas garantías de calidade aos cidadáns

xa que se dispón dun modelo preventivo que permite identificar, avaliar e xestionar os posibles riscos que poden afectar á calidade da auga antes de que estes cheguen á billa do consumidor.

A alcaldesa matizou que o que se busca é ir cara a un novo sistema preventivo integral. Ata o de agora, a garantía sanitaria do control da auga de consumo realizábase a posteriori,

xa que cando o laboratorio de análise de control dispoñía da resultados a auga xa se atopaba dentro do sistema de distribución. Na práctica, a implementación deste sistema preventivo ha suposto a realización de numerosas actuacións nas instalacións municipais. Así, instaláronse medidores en continuo dos principais parámetros a controlar, como o cloro e o pH.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

“O importante é que os pequenos aprendan dos maiores e ao revés”

A Asociación Cultural Musical Dambara de Burela celebra o seu 25 aniversario

Lucía Blanco

“Nós cremos que a música é moito máis que as negras e as corcheas, aporta uns valores humanos de compañeirismo e de solidariedade moi importantes na sociedade que vivimos”. Baixo esta premisa traballan na Asociación Cultural Musical Dambara, que dirixe o músico e profesor Albano González. A formación, que conta cunha agrupación musical e unha banda de gaitas tradicional, cumpre 25 anos de vida. “Os inicios foron no 1999. Ese ano comezamos a ensaiar e tocamos por primeira vez no 2000 dentro dunha das confrarías da Semana de Santa de Burela”.

O tempo e a profesionalización da banda levounos a secularizarse. “A adquisición de instrumentos e de traxes supoñía unha carga importante para a confraría, así que puxémonos a camiñar sos”, lembra. Actualmente conforman un dos colectivos imprescindibles nesta

vila mariñá e o seu cento de socios confirma que a música non entende de idades. “Iso é o máis importante, o relevo interxeracional e o traballo compartido porque aprenden os pequenos dos maiores e ao revés. A parte de formarnos musicalmente e aprender unha disciplina artística tan importante como a música para o desenvolvemento das persoas, a rapazada tamén aprende un montón de valores”.

Na súa escola de música suman alumnos dende os 5 ata os 80 anos. “Apostamos por un modelo educativo único, inclusivo e que facilita a incorporación de rapaces e rapazas que poden estar en risco de vulnerabilidade social”. E fano a través dunhas becas anuais. “Se vemos que é un caso especial poden estudar a coste cero. Terían os instrumentos, os uniformes e a formación de balde. E para as persoas que non precisan esa beca, o modelo educativo tamén é moi

asumible. Costa menos de 2 euros a semana formarse musical e persoalmente na nosa asociación”, di González.

Nestas dúas décadas, a banda de gaitas Dambara e a agrupación Santo Inocencio continúan a espallar a tradición máis aló das nosas fronteiras. “Gustan bastante dentro de Galicia e fóra. Por exemplo, no 2012 estivemos representando a Galicia no Festival Intercéltico de Lorient, o máis importante do mundo e foi un orgullo e un recoñecemento ao traballo de tantos anos”. O ritmo de traballo aumenta agora durante os meses de máis calor. “Actúan durante todo o ano con entidades municipais, provinciais e con distintas comisións que organizan distintos eventos e tamén coa Deputación de Lugo a través do programa Tradigalu. Pero destas actuacións, que poden ser arredor de 30 ao ano, unhas 20 son no verán por Galicia, por todo o estado,



por Portugal e por Francia”. O que esixe unha dedicación por parte dos integrantes que supón sacrificar o tempo libre.

“Conforme se van profesionalizando vanche pedindo máis tempo. Como director musical, gustárame valorar a disposición de todos os músicos e músicas que deixan o seu tempo de lecer, as familias e as parellas por vir a ensaiar, a tocar e a facer cultura. E iso é moi importante”. Á marxe dos concertos, manteñen un compromiso cultural e social coa vida do municipio. “Facemos distintos eventos e actuacións aquí porque cremos que a cultura é un dos piares fundamentais nos que ten que asentarse unha sociedade democrática, contemporánea, feminista e igualitaria”.

FESTA DA MÚSICA. Entre as citas habituais, destacan os pasacalles de Nadal e a Festa da Música, na que lograron xuntar dúas dúcias de grupos de toda a bisbarra e tamén de distintos puntos do territorio nacional. “O enfoque que lle damos é un día de convivencia, unha xornada na que as agrupacións musicais que fan distinto tipo de música, como música tradicional, de banda, caboverdiana, grupos de rock e de rap, conviven nun día no que todos nos retroalimenta-

mos”. A celebración volverá a facer vibrar a Burela en novembro, aínda que antes arrincan coa conmemoración do 25 aniversario.

“Será a principios de mes e faremos un concerto especial no que invitaremos a exmembros e outros grupos cos que temos colaborado, unha cea gala e tamén faremos unha exposición de fotos dos traxes dos instrumentos que utilizamos nestes anos”. Con estas iniciativas lembran o esforzo de todo este tempo no que traballan de maneira desinteresada a favor da tradición. “Estamos medianamente satisfeitos coa axuda que temos por parte das administracións públicas, aínda que sempre poderían facer un pouco máis e tamén é o que nos toca esixir a nós como axentes de cultura”.

O apoio dos bureleses e do tecido asociativo animaos a seguir dinamizando a aposta cultural. “Estamos moi contentos co recoñecemento social de toda a veciñanza, doutras asociacións musicais e culturais da vila e de cada sitio que imos. Por exemplo, este é o décimo sexto ano que tocamos en Navia, en Asturias, só faltamos pola pandemia. Ao final se te chaman para tocar tantas veces dende o mesmo sitio significa que algo estamos facendo ben”, conclúe.



O PP pide incrementar o persoal da Policía Local

Os concelleiros populares presentan ao pleno unha iniciativa dirixida a incrementar o cadro de persoal da Policía Local ante “as necesidades que se levan apreciadas no último ano: casos violentos, actos vandálicos, etc.”. O portavoz, Manuel Rouco, lembra que se trata dunha proposta “similar á que defendemos no anterior mandato e que foi rexeitada polo goberno socialista”. Agardamos que, nesta ocasión, a alcaldesa sexa sensible coa seguridade cidadá porque “as demandas veciñais son claras neste sentido”, incide. Os populares explican que “todas as asociacións e veciños consultados reclaman que se cubran todas as quendas da Policía Local

(mañá, tarde e noite) e que haxa patrullas. “Se ben, ao mellor, non poden impedir certos delitos ou actos violentos; a súa presenza pode aportar carácter disuasorio”. Para os populares trátase dunha necesidade para toda a veciñanza.

CORTES DE AUGA. Condenan tamén “a falta de dedicación da alcaldesa á hora de poñer solucións aos problemas relacionados coas necesidades máis básicas dos veciños e veciñas de Burela”. Os populares fan referencia “aos cortes de auga continuos que sofren os veciños do barrio da Casilla, do Vilar e parte dos veciños do Castro; especialmente no verán a partir das oito da tarde”.

A pista municipal de tenis pasa a chamarse Pista José Luís Yebra

O Concello de Burela felicita ás persoas gañadoras do X Torneo de Tenis Memorial José Luis Yebra polo seu desempeño na competición. O evento organizado polo Club de Tenis A Marosa contou cun total de 40 participantes. Con motivo do décimo aniversario do torneo desvelouse que a pista de tenis da Marosa pasa agora a chamarse Pista José Luís Yebra, en memoria do que foi un dos grandes impulsores deste deporte en Burela, ademais de socio do club.

Na categoría absoluta resultou campión Fernando Kanacri e subcampión Rubén Blanco, sendo Javier Fernández o campión de



consolación. En dobres absoluto gañaron Rafael Marful e Javier Fernández, seguidos de José María Pérez e José Ramón Veiga. A cate-

goría sub-17 foi gañada por Daniel Fernández, seguido de Laura Kanacri, e a sub-13, por Leo Rodríguez e David Valle respectivamente.

Convocan o I Concurso de Pintura e Arte Urbana en Contedores

Burela convoca o I Concurso de Pintura e Arte Urbana en Contedores Contén-Arte, que se desenvolverá entre o 31 de agosto e o 1 de setembro. O concurso está aberto a persoas ou grupos de persoas maiores de idade, que poderán presentar un só proxecto, orixinal e inédito. Serán seleccionadas ata un máximo de 10 persoas participantes, que deberán facer, con técnica libre, unha obra relacionada co mundo do mar.

As inscricións deberán incluír boceto da obra, título, datos persoais, fotos do DNI de cada participante, teléfono e correo electrónico da persoa responsable, lista de material necesario e número de conta bancaria. O prazo de inscrición estará aberto ata o 9 de agosto ás 14:00. Pódese consultar as bases completas na sede electrónica do Concello a través da ligazón.

“Queremos que Burela sexa un refe-



rente no arte urbano, e por iso apostaremos por esta e outras accións que transformen espazos en obras artísticas”, sinala a alcaldesa Carmela López. Pola súa banda, a concelleira de Cultura, Lina Gómez, explica que a arte urbana nos contedores é “unha forma innovadora de transformar elementos cotiáns en obras de arte, facendo que o espazo público sexa máis colorido e interesante”.

“A intervención artística nos contedores promove a reciclaxe e a xestión de residuos dun xeito creativo, facendo que a cidadanía se sinta máis involucrada na conservación do medio ambiente”, engade. Gómez subliña que “estas intervencións artísticas contribúen á revitalización dos espazos urbanos, reforzando o sentido de identidade local e orgullo comunitario”.

A localidade foi un ano máis a capital dos produtos do mar

Tras unha fin de semana na que Burela se situou como a capital dos produtos do mar, a localidade clausurou a XXII edición da Feira dos Produtos do Mar, Artesanais e Ecolóxicos Produart da man do deputado de Recursos Sostibles, Francisco Cajoto Caserío. A institución provincial colabora con este evento, que tivo lugar na Nave de Redes de Burela e que organizou o Concello de Burela, a Asociación Leticia e a Fundación Expomar, cunha achega económica de 3.700 euros.

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Antonio Basanta, tamén estivo presente na cita onde salientou a importancia desta plataforma de exposición comercial-feiral que intenta poñer en contacto a produtores, comerciantes e consumidores que apoiem o desenvolvemento dos recursos desta zona



marítima e doutras colindantes, desde a sustentabilidade e da conservación do medio.

O encontro é fiel ao reflexo destes valores, así como dos recursos pesqueiros, tradicional artesanal e patrimonio cultural. Ten unha superficie de 2.500 metros cadrados, no que estiveron representados 55 expositores, 12 máis que o ano anterior, nacionais e internacionais. Parale-

lamente, desenvolveuse a XXXVIII Feira do Bonito, que deu comezo co izado da bandeira azul no barco-museo. A continuación, tivo lugar a entrega de premios do concurso de carteis e o pregón a cargo Julio López Moreno. Durante as xornadas, os visitantes puideron degustar racións de bonito en diferentes elaboracións como asado á grella, en empanada ou cocido, entre outras.

XXXII MERCADO MEDIEVAL MONDOÑEDO
9, 10, 11 Agosto 2024

ORGANIZA: AMOSAR DE MERCADO MEDIEVAL

COLABORAN: XUNTA DE GALICIA, ABANCA, GADIS, AGADIC, etc.

A & F BROKERS
Abogados

GESTION DE COMUNIDADES

HERENCIA Y TESTAMENTOS

REGISTRO DE PROPIEDADES

ALTERACIONES CATASTRALES

CONTRATOS:
COMPRA, VENTA ALQUILER

DESAHUCIOS

PROBLEMAS COMUNITARIOS

RECLAMACION DE DEUDAS

DIVORCIOS:
CUSTODIAS, PENSIONES

ASISTENCIA LEGAL INTEGRAL

viviabuin@hotmail.com

AVDA. DA MARINA Nº72
SAN CIPRIAN (LUGO)

695 414 544

Convocan unha nova edición do concurso de karaoke Viveiro Canta

O Concello de Viveiro anuncia unha nova edición do concurso de karaoke Viveiro Canta, enmarcado no programa das Festas Patronais de Viveiro. Será o día 7 de agosto ás 21.00 na praza maior. A terceira edición está de novo dirixida ao público de todas as idades, e terá dúas categorías, unha infantil e xuvenil e outra adulta. Un xurado profesional decidirá os gañadores do certame e entregará premios en cada categoría.

As prazas para participar no certame son limitadas, polo que será necesario realizar unha inscrición previa. Esta poderá ser realizada no teléfono 982560162 ou no correo electrónico rbg.cultura@viveiro.es. Deberán facilitarse os seguintes datos: nome, apelidos, idade, teléfono de contacto, canción que se cantará e autoría da mesma.

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, anima “a toda a veciñanza a participar neste evento, que se está a converter nun dos máis destacados dentro das festas patronais co éxito acadado nos dous anos anteriores”.

Melloran as vías de Riquián e a Estrada da Abrela

O lugar de Escourido, na parroquia viveirense de Covas, verá mellorados os camiños de Riquián e a Estrada da Abrela cun investimento de 85.757,35 euros. A tenente de alcaldesa Miriam Bermúdez explica que “co desenvolvemento deste plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas, o Concello poderá acometer a mellora do firme dunha vía municipal que dá acceso a numerosas parcelas da parroquia, facéndos máis utilizables”. Viveiro posúe una ampla extensión de terreo destinada ao mundo rural, “e, de feito, a maior parte das súas parroquias atópanse dentro deste ámbito, con numerosos asentamentos de poboación, polo que a mellora das súas infraestruturas é unha das nosas prioridades”, sinala Bermúdez. Ademais, destaca que a reparación “permitirá ter unha vía alternativa á estrada da Abrela, quedando pendente un estudo posterior para reorganizar os sentidos das vías e así evitar encontros de vehículos en zonas tan estreitas, nas que se teñen dado incidentes no pasado”. Con actuacións como estas “queremos poñer en valor o rural de Viveiro e a xente que vive nel, renovando e ampliando os servizos dos que dispoñen”.

O Pleno aproba unha moción do PP para un novo plan turístico

O Grupo Municipal Popular de Viveiro lograba sacar adiante no último pleno por unanimidade unha iniciativa para a elaboración dun plan turístico en colaboración coa Universidade da Coruña (UDC). Deste xeito, celebrouse unha reunión de voceiros coa participación da técnica da Oficina de Turismo e persoal da UDC como “primeira toma de contacto” para “marcar a liña de traballo e buscar posibles vías de financiamento”.

O viceportavoz popular, Martín Vale, destaca “o traballo produtivo que está a realizar o PP en beneficio de Viveiro e, neste caso concreto, para mellorar a promoción turística, un sector importante para a economía viveirense que precisa dunha organización que cremos que non se fixo correctamente nos últimos anos”. Os populares propoñían, concretamente, estudar a forma dun convenio coa UDC, xa que esta Universidade galega ten Facultade de Turismo e experiencia no desenvolvemento de plans de promoción turística.

Ademais, propoñían a participación activa de tódolos grupos políticos da corporación, empresas do sector, traballadores municipais da área de turismo e estudantes mariñáns dos últimos cursos da UDC. O popular



explica que “esta proposta pretende ofrecer unha solución para afrontar os retos do sector turístico de Viveiro” e defende que “o sector precisa unha dixitalización para a toma de datos para a mellora da análise dos mesmos” e “estudar as accións de promoción para optimizar os recursos que empregamos”. Con todo isto, “o que pretendemos é liderar o eixo de acción na Mariña que é o lugar que lle corresponde ao noso concello”.

O obxectivo do plan de promoción turística proposto polo Partido Popular sería “analizar fortalezas e debilidades da nosa oferta turística, estudando as actividades que veñen desenvolvendo ou que se poderían poñer en marcha para tratar de opti-

mizar a marca Viveiro e conseguir no posible o máximo rendemento aos recursos empregados”.

PERNAS PEÓN. Por outra banda, os concelleiros do PP apostan por impulsar a rehabilitación do edificio municipal do parque Pernas Peón e o trazado da vía que discorre paralela á praia de Covas. Así o trasladarán ao vindeiro Pleno no que instarán ao equipo de goberno municipal a realizar o mantemento oportuno e as melloras necesarias para adaptar o edificio do parque Pernas Peón e poder sacalo a licitación. Igualmente, propoñen que o goberno do Concello esixa a reparación da zona de rodadura ao longo da praia de Covas ata Os Castelos.

Reparan un tramo da rede de abastecemento de auga en Landrove

A Tenencia de Alcaldía de Viveiro prepara, a través da concellería de Medio Rural, a reparación dun tramo de 500 metros da rede de abastecemento de auga en Landrove para evitar máis cortes de auga na zona. Este tramo, que vai dende a depuradora de Landrove ata o cruce, é o que sofre máis roturas na rede de abastecemento. A concellería vén de recibir unha memoria técnica que cifra o custo da obra arredor dos 200.000 euros.

“Estamos traballando para conseguir este orzamento para 2025 e así poñer fin a un problema que vén de atrás e que tanto afecta á veciñanza da zona”, sinala Miriam Bermúdez, tenente de alcaldesa e concelleira de Obras, Infraestruturas e Mantemento no Medio Rural. Ademais “da reparación da rede na que estamos traballando, substituiremos 1km de tubaxe entre a Xunqueira e Magazos cando se faga a reposición de Beirarrúas”, engade.

Isto súmase ás reparacións das roturas da rede sufridas en Landrove e Galdo. Ramón Martínez, concelleiro de Medio Rural sinala que “garantir a calidade da rede de abastecemento é fundamental no rural”.

Galdo terá 27 suxeicións nos colectores de lixo

A parroquia de Galdo, no Concello de Viveiro, contará con 27 novas suxeicións para os colectores de lixo, grazas a unha subvención do Fondo de Compensación Ambiental.

“Escolleuse Galdo por ser a parroquia que menos suxeicións deste tipo ten”, explica Miriam Bermúdez, tenente de alcaldesa

e responsable da área de Medio Ambiente do Concello de Viveiro. Con estas novas suxeicións, “contribuiremos a mellorar o servizo e a separación de fraccións no rural á hora de reciclar”, engade. Ademais, estas suxeicións mellorarán a estética das localizacións e evitarán o desprazamento dos contedores en días de vento.

O BNG reclama á Xunta que asuma as competencias na xestión dos conservatorios



As deputadas do BNG no Parlamento Galego Montse Valcárcel e Cristina Fernández Davila, xunto co deputado Daniel Castro mantiveron un encontro con representantes dos conservatorios municipais de Vilalba, Viveiro e Monforte para presentarllas a iniciativa que o BNG levará ao parlamento reclamando á Xunta que asuma as competencias que lle corresponden na xestión dos conservatorios, cuxos custos recaen en moitos concellos nos que están situadas as súas instalacións. O BNG rexistrou no Parlamento unha iniciativa na que

lle demanda á administración que costee o servizo educativo na súa totalidade, nas áreas de mantemento, dotacións, materiais educativos e instrumentos, persoal docente e non docente.

No caso dos centros situados na provincia de Lugo, a Vicepresidencia da Deputación, dirixida polo BNG, está a colaborar co mantemento deste servizo para librar á administración local “dunha parte do importante investimento que supón este servizo”, explicou Montse Valcárcel. O BNG ve necesario que a Xunta asuma as súas competencias.

NOVA PISTA DE SKATE



A nova pista de Skatepark na zona de Lodeiro xa está operativa. As obras tiveron un orzamento de 131.000 euros e o proxecto inicial foi readaptado para habilitar un espazo máis seguro e apto para esta modalidade deportiva.

O Naseiro asegura o seu futuro cunha nova comisión de festas

O Naseiro asegura o seu futuro tras a formación dunha nova comisión. Dende a nova organización da Romaría do Bo Xantar van a facer todo o posible para sacar adiante a celebración. Para iso, piden o apoio e a comprensión de toda a xente, do Concello e de todos os implicados na cita. Tamén contan coa axuda dos anteriores organizadores e pretenden así facer os cambios necesarios para que o ano que vén "con máis marxe" os que se encarguen de poñela en marcha contén cun "novo modelo 100 % viable ano tras ano". O Naseiro non é unha festa calquera senón que "forma parte da nosa cultura e identidade, é un trozo de historia de Viveiro cun arraigo enorme herdado de xeración e xeración", din no seu comunicado. Moita xente loitou por mantela viva, polo que "non podemos permitirmos o luxo de perder algo tan valioso e especial". Aseguran que a posibilidade de que se celebre a cita era case nula e que no último ano foron moitos os interesados en organizala pero ninguén quixo asumir a responsabilidade porque, tal e como se facía, era "totalmente inviable", sinalan. Aseguran que a esixencia por parte de Augas de Galicia é cada vez maior cos requisitos da cita, que debe cum-



prir cos estándares de seguridade. Ademais, os custes fixos "son moito máis altos que os ingresos xerados e iso fai que O Naseiro leve moitos anos dependendo de axudas externas para poder sobrevivir". Neste sentido, afirman que os custes dos plans de subministro, seguros, gardas de 24 horas, por exemplo, son o triplo do que pagan os romeiros. O esforzo tampouco pasa desapercibido. "O volume de traballo para organizar unha festa destas características é enorme". Son 5 días nos que hai prestar especial atención a toda a planificación e a organización "nunha zona especialmente delicada por toda a lexislación que a envolve". O que supón un enorme reto para quen asuma o traballo. "A folla de ruta para organizar un Naseiro con

garantías comeza en setembro do ano anterior e é un goteo constante de xestións".

Por outra banda, expoñen que impoñer novas regras e facer cambios é complicado por tratarse dunha romaría con moitos anos de historia e unha dinámica que se mantivo co paso do tempo. Tamén teñen palabras para a anterior comisión referíndose que as críticas cara eles "foron moi inxustas". Cando contactaron con eles e analizaron a información "o primeiro que nos saíu dicir foi grazas por organizar a festa durante 10 anos nestas condicións, por asumir a responsabilidade e conseguir que puideramos disfrutar todos do Naseiro nos últimos anos". Defenden, así, que as críticas se deberían facer de maneira educada e con ánimo de mellora.

A Feira de Artesanía celebra o seu 40 aniversario

Viveiro acolleu a presentación da 40ª Feira de Artesanía, que se celebrará nos xardíns Noriega Varela entre os días 9 e 18 de agosto. A feira, organizada polo Concello de Viveiro e a asociación PROA, celebra o seu 40 aniversario, consolidándose como unha das máis antigas de Galicia. Habrá decenas de postos, coa presenza de numerosos profesionais da artesanía e nos que habrá obradoiros e demostracións do oficio. Con motivo dos catro decenios de actividade da feira haberá un acto de inauguración que contará coa colaboración de Carlos Nuevo, Cronista Oficial de Viveiro, e da asociación folclórica Bagoas da Terra. "Será unha inauguración moi especial, como non pode ser doutro xeito ao alcanzar un fito tan destacado", afirma a alcaldesa María Loureiro. A Feira de Artesanía "leva 40 anos sendo unha referencia indiscutible no sector pola súa calidade e variedade", engade. Habrá tamén unha exposición sobre a feira realizada con motivo do aniversario na sala traseira do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, co obxectivo de poñer en valor a historia do evento.

Viveiro celebra as festas con actividades para todas as idades

Viveiro celebra as Festas Patronais entre o día 1 e o 18 de agosto, con numerosas actividades para todas as idades. As celebracións comezarán este xoves 1 de agosto coa inauguración da Feira da Cervexa Artesanal de Viveiro nos xardíns Noriega Varela, a colecta da AECC en diferentes puntos da vila, a exposición de indumentarias do Camiño de Santiago na Biblioteca Municipal, e o comezo da XLIV Mostra Folclórica Internacional na praza maior. A alcaldesa María Loureiro destaca "a aposta polos grupos locais e do Conservatorio de Viveiro nas festas". O 9 de agosto celebrarase unha emotiva homenaxe a Óscar Fernández, músico e profesor do Conservatorio falecido o pasado mes de outubro e moi querido en Viveiro. Nos días seguintes haberá tamén diversos concertos, exposicións, eventos deportivos e outras actividades. O 14 de agosto terá lugar a lectura

do pregón no balcón da Biblioteca Municipal, dando paso aos días grandes das festas, que se manteñen nas súas datas habituais do 14 ao 16 de agosto. De novo haberá diversos concertos, pasarrúas, actos litúrxicos e eventos deportivos. Destaca ao longo das festas a celebración da XL Feira de Artesanía, da Feira do Libro ou da Feira de Stocks do Centro Comercial Histórico de Viveiro. O Teatro Pastor Díaz tamén acollerá actividades como a proxección da asociación fotográfica Os Negativos ou a representación da obra 'Sempre en Otoño' de Santiago Moncada. María Loureiro sinala que "o Concello de Viveiro é un dos únicos concellos que organiza directamente as festas, polo que solicitamos que a partir do ano que vén haxa unha comisión de festas coa que poidamos colaborar para seguir tendo ano tras ano unhas celebracións do primeiro nivel para toda a veciñanza".



O Resurrection Fest confirma as súas datas

A nova edición do Resurrection Fest en Viveiro xa ten as súas datas confirmadas. A cita que celebrará o seu 20 aniversario terá lugar do 25 ao 28 de xuño. No último cartel lograron xuntar a grandes artistas internacionais como Alice Cooper, Machine Head, Kerry King, Bring me The Horizon ou Bruce Dickinson, entre outros, que lograron converter ao municipio en capital da música durante cinco días.

Aínda non se coñece o contido do próximo cartel, para o que queda aínda un ano de traballo, pero si se sabe o interese da organización de seguir medrando xa que esta última edición foi que reuniu máis artistas internacionais; con público procedente de 43 países; e 1.500 persoas apuntadas para casar durante a cita, polo que será un novo reto o Festival do ano 2025, sobre o que xa empezan a preguntar os asiduos.



O colectivo Pensamento e Sementeira recupera a Xira a Portochoao

Co obxectivo de recuperar tradicións, festas e acontecementos esquecidos, Pensamento e Sementeira volve a celebrar unha gran festa que se foi perdendo co paso do tempo no municipio: A Xira. Deste xeito, o colectivo recupera así a Xira de Viveiro a Portochoao, que será o vindeiro 17 de agosto e ofrecerá dous xeitos de participación. Unha das formas é a través dunha camiñata de balde duns 3,5 quilómetros aproximadamente pola beira do río Landro. A saída será dende o aparcadoiro da variante ás 13.00. A outra opción é a través dunha ruta en kaiak. Os kaiaks son biplaza e poderán participar menores a partir dos 6 anos, que deberán ir acompañados dunha persoa adulta responsable. A saída realizarase dende a rampla do pavillón municipal ás 13.00 horas.

O prezo por socio será de 10 euros e para persoas non socias serán 15. Os interesados deden anotarse no formulario antes do 11 de agosto. Unha vez en Portochoao, terá lugar un xantar popular na área recreativa que estará amenizado con música. Ademais, celebráranse xogos tradicionais sobre as 17.00 horas. A Xira era unha celebración que se organizaba no municipio ao estilo do Naseiro actual. O colectivo continúa así a dinamizar a oferta cultural e social da vila con propostas variadas nas que a tradición garda un oco especial. Entre as últimas iniciativas do colectivo encóntrase a Ruta das Herbas de San Xoán, un percorrido de 6 quilómetros aproximadamente no que explicaron a econoloxía do concello durante eses quilómetros compartidos pola natureza.

o valadouro

Preparan unha nova edición da Concentración de Motos para maio

Tras o éxito da vixésimo sétima Concentración de Motos do Valadouro 2024, o club prepara unha nova convocatoria da cita que xa está máis que consolidada no calendario.

Deste xeito, o colectivo ponse a traballar na actividade que terá lugar os días 2, 3 e 4 de maio.

Na última convocatoria os asistentes puideron gozar de pica-da moteira, música, mercado, ruta moteira, xantar, inchables



gratis para os máis pequenos, unha exhibición acrobática e sorteos.

Amado Lar organiza a XXXIV Mostra Folclórica para abrir setembro

Programan un ano máis unha das citas máis consolidadas no Valadouro. Deste xeito, XXXIV Mostra Folclórica do Valadouro celebrase no mes de setembro. O domingo día 1 a tradición e a música van a volver a converxer no municipio da man da asociación cultural Amado Lar, que son o colectivo organizador da mostra.

A cita comezará ás 19.00 horas na Praza de Santa María. A asociación non estará soa, senón que estarán acompañados no escenario coa agrupación Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela. A celebración conta un ano máis coa colaboración do Concello do Valadouro.

Esta es unha das citas obrigadas



no verán do Valadouro e todos os anos recolle moitos asistentes.

Continúan os cursos de natación na piscina do Valadouro este mes

O Goberno do Valadouro segue a apostar por dinamizar a oferta cultural e social nestes meses de verán para a veciñanza do municipio. Continúan así cos cursos de natación que imparten nas instalacións das piscinas municipais.

A vindeira sesión terá lugar o venres 9 de agosto en sesión de mañá e tarde. Impartirase en horario de 12.15 a 14.00 horas e de 16.30 a 18.30.

Trátase dunha actividade, que xa ofreceron durante o mes de xuño, que está promovida pola Concellería de Deportes do Concello do Valadouro e que mantén o seu carácter gratuito. Os cursos están dirixidos a usuarios de todas as idades.

Os cursos de natación son unha das actividades máis demandadas durante a tempada de verán e todos os anos intentan repetirse.

Xogos, desembarco e xuízo popular na Festa da Maruxaina

O Concello de Cervo organizará a XXXVII Festa da Maruxaina o sábado 10 de agosto. A cita foi presentada pola rexedora, Dolores García Caramés, os concelleiros Mali Méndez, Alfredo Fernández e Adrián Arias, e por unha representación da asociación Amigos da Maruxaina, que se encarga da pre-maruxaina, e tamén do xuízo a medianoite e representantes da asociación a Anxuela.

Na festa tamén colaboran Mar de San Ciprián, que organizará os Xogos Populares na Praia, e Mulleres de San Ciprián, que colabora na venta das tazas e das camisetas personalizadas na caseta que se instalará na Praza dos Campos. Ese día 10 serán os actos centrais, pero xa o venres terá lugar a Pre-Maruxaina co gran chupinazo ás 19.00 horas na Praza Nardo Martínez, seguido da concentración de Maruxainos e Maruxainas, onde haberá degustación de empanadas típicas galegas e bolos preñados.

Ás 21.00 horas está previsto o nomeamento do Maruxaino ou Maruxaina de Honra 2024, a cargo da Asociación Amigos da Maruxaina. Xa o sábado, 10 de agosto, será o día grande, que estará animado desde



primeira hora polo ritmo de diferentes charangas e gaiteiros. Ás 11.00 horas será o chupinazo e a xuntanza de Maruxainos e Maruxainas está prevista para as 12.00 horas, na Praza Nardo Martínez, que iniciarán o paseo polas rúas do pobo ao son das gaitas e os cornos.

Ás 12.30 horas arrincarará o ritmo das charangas que percorreren San Cibrao durante todo o día. Nesta ocasión serán a Charanga Carmiña, a Charanga Tambukada, a Louband Street Band e Mekánika Rolling Band. Á tardiña, ás 18.30 horas, está previsto o inicio dos xogos populares na Praia do Torno, organizados por Mar de San Ciprián coa colaboración do Concello.

Xa ás 23.00 horas será o desembarco

da Maruxaina na Praia do Torno. Durante o traxecto as persoas asistentes poderán gozar dun espectáculo de fogos de artificio. Ás 00.00 horas será o gran xuízo popular, organizado por Amigos da Maruxaina, amenizado polo grupo folclórico Mistura, seguido dunha degustación de balde de queimada na Praza dos Campos. A continuación, haberá verbena coas orquestras Arizona e Kalima 3.0. Desde o Concello de Cervo animan a veciños e visitantes a desfrutar desta Festa declarada de Interese Turístico Galego, que é un reflexo da conexión histórica de San Ciprián co mar, sempre avogando por unha celebración na que a diversión sexa o máis sá e harmónica posible, mantendo o espírito orixinal da festa.

EN BREVE



IOGA. Mantense a oferta de clases de ioga para as crianzas que están a ter unha gran acollida, impartidas pola especialista Nuria Torrado no pavillón da Veiga. Son os martes, ás 12.00 horas para as crianzas de 6 a 9 anos, e os xoves, ás 12.00 horas para as crianzas de 10 a 12 anos.



ENVELLECIMENTO. Cervo clausura a primeira edición de Arruguiñas, un programa integral de envellecemento activo, que foi todo un éxito de participación nas diferentes actividades propostas. Máis de 100 persoas participaron nesta iniciativa que contou con talleres de memoria, terapéuticos, os programas Charlando, Móvete e Actívate e ata Guateques itinerantes

Instálanse dúas pantallas para reforzar a información cultural e turística

O Concello de Cervo vén de poñer en funcionamento dúas pantallas interactivas que foron instaladas na Praza dos Campos, en San Ciprián, e na Praza do Souto, en Cervo, como lugares máis céntricos dos núcleos de poboación.

Os tótems publicitarios supuxeron un investimento de 15.000 euros procedementos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, dos Fondos NextGenerationEU.

Tal e como explicou a rexedora, Dolores García Caramés, con estas pantallas "pretendemos reforzar a información cultural e turística do noso municipio a través dun sistema de sinalización eficaz que facilita a identificación e a accesibilidade aos recursos que temos no concello, e contribúen a resolver as necesidades orientativas e tamén informativas, dos visitantes, e tamén da veciñanza, son instrumentos moi útiles e sinxelos que axudan a realizar, pois, unha visita o máis agradable, ociosa, educativa e autónoma posible a través dunha comunicación interactiva".

A Deputación inicia os traballos de mellora da estrada LU-P- 1503

A Deputación vén de iniciar en Cervo os traballos de mellora da estrada provincial LU-P- 1503, que vai dende Río Covo, por Trasbar, a Vilaestrofe.

A institución provincial destina máis de 400.000 euros a estes traballos, que afectan a case os 3 primeiros quilómetros da vía, desde o inicio da estrada ata o punto quilométrico 2,6. As melloras que se están a levar a cabo consisten na mellora da drenaxe e no ensanche en varios tramos da calzada ata chegar a acadar nalgún punto os 5,75 metros, o que permitirá garantir unha maior seguridade para o paso de dous vehículos.

Botarase sobre a calzada unha base de grava para regularizar o firme, e logo, aglomerado en quente e os traballos finalizarán coa sinalización e pintado mediante marcas viais reflexivas brancas.



O prazo de execución das obras é de 9 meses, e a adxudicataria, Carferlo SL, comprometeuse ademais a mellorar a actuación coa dotación de cunetas triangulares, revestidas e rebasables de 100 metros; aumentando o prazo de garantía en 3 anos por riba do obrigado.

Trátase dunha actuación de gran

importancia, xa que a vía LU-P-1503 enlaza coa estrada provincial LU-P-1502 e serve de acceso a múltiples servizos, comunicando co concello de Burela e o Hospital Público da Mariña, así como cos campos de fútbol da Granda en Rúa e o da Chá en Vilaestrofe, e co Miradoiro de Monte Castelo.

Renovan a sala de exposicións da Casa da Cultura de San Cibrao

O Concello de Cervo vén de executar unha obra de renovación integral da sala de exposicións situada no primeiro andar da Casa da Cultura, en San Cibrao. A rexedora, Dolores García Caramés, e o concelleiro, David Rodríguez, supervisaron o resultado da actuación que supuxo un investimento total de 48.317,42 euros, financiado ao 70 % pola Xunta de Galicia, e que inclúe tamén melloras na biblioteca.

En concreto, tal e como explicou a alcaldesa, “aumentouse o espazo expositivo, instalouse un equipo de son ambiental, renovouse a instalación eléctrica e de iluminación –conseguindo un aforro enerxético do 50 %- e actuouse en todo o piso e tabiques”. Conseguiron crear unha sala completamente nova, idónea para acoller todo tipo de mostras e exposicións.

“Tendo en conta ademais a aposta que facemos sempre desde o Concello por albergar diferentes iniciativas culturais que tamén dinamizan as nosas vilas e axudan a darlle visibilidade ao talento de moita xente; moitos deles e delas, veciños e veciñas nosos”, explican.

Desde o Concello agardan seguir enchendo de vida esta sala que loce agora unha imaxe completamente renovada e que gañou superficie expositiva.

Abre no paseo do Torno a mostra ‘Naufraixios’



Está exposta unha nova mostra de ‘Naufraixios’ da Costa da Morte que percorre o paseo do Torno, en San Cibrao. Promovida por Suministros Lar, está composta por nove pezas decoradas por ambas caras e estará instalada durante todo un ano para desfrute de veciños e visitantes.

A mostra pertence á novena edición do Concurso de Murales de Azulejo Lar, no que participan estudantes de secundaria e persoas usuarias das asociacións Apem e Aspabe que desde o 2006 que se puxo en marcha tivo moita aceptación, explorando cada ano diferentes temáticas co obxectivo de dar una nova vida á cerámica coa súa reciclaxe e así concienciar sobre a importancia de protexer o medioambiente.

Neste caso, son nove os naufraxios protagonistas: O City of Agra

(afundido en Arou, Camariñas), A Bayonnaise (Fisterra), O Serpent (Trece, Camariñas), Mount Parnes (Corcubión), San Jerónimo (faro Cee), Ambaca (Tourifán, Muxía), Brigneti (Vilán, Camariñas), The Great Liverpool (Gures, Cee) e Mina Sorriego (Muxía).

SALA SARGADELOS. Abriu a mostra *Da cor ao Xexto, Pinturas e Tintas Costafreda* na Sala das Carboeiras, en Sargadelos e que xa se pode visitar ata o vindeiro 15 de agosto. O horario no que se poderá visitar esta mostra é de martes a domingo de 11.00 a 13.30 horas e as tardes de mércores a sábado de 19.00 a 21.00 horas.

Trátase dunha exposición de pintura composta por uns 60 cadros de diferente formato incluíndo acrílicos, sumi-é tradicional e técnicas mixtas en tinta.

O Museo do Mar engade unha espiña dun bonito



O Museo do Mar de San Cibrao incorporou unha espiña dun bonito de gran tamaño doada polo mariñeiro e armador Antonio Rey Otero. A mostra Mariñas, marosas e maruxainas, cos retratos de 16 mulleres da comarca, pasa a formar parte da exposición permanente do museo cervense, que reforza a visibilidade das mulleres na súa museografía. A espiña, procedente dun exemplar de gran tamaño capturado entre as costas de San Cibrao e Burela, pode verse na Sala 3 do museo, xunto a restos doutras especies mariñas e obxectos relacionados coas artes e aparellos de pesca.

Iria Castro agradeceu a xenerosidade de Antonio Rey Otero, sinalando que “é un orgullo que unha persoa que viviu e coñece o mar e os seus oficios como poucas decida legar esta peza ao Museo do Mar” e recordou o “estreito vínculo do Museo coa comunidade xa que os seus fondos proceden na súa maioría das persoas que cederon pezas, fotografías

e a súa memoria persoal ao Museo”. Ademais desta peza, o Museo do Mar estreou unha museografía dirixida a reforzar a visibilidade das mulleres na historia do propio museo e da vida do mar coa incorporación á exposición permanente da mostra “Mariñas, Marosas e Maruxainas”, unha serie formada por 16 retratos e outros tantos textos de traballadoras do mar e da terra -unha por cada concello da Mariña- e creada polo 50 aniversario do Museo como homenaxe ás mulleres que coas súas mans construíron o pasado, presente e futuro da comarca.

En liña co propósito de incorporar ao museo a memoria das mulleres, o Museo fai un chamamento para recuperar a memoria das nenas que asistiron á escola que hoxe alberga o museo e das mestras que exerceron nela. Todas aquelas persoas que poidan ter información ao respecto poden compartila achegándose ao Museo ou enviándoas ao correo museodomar@museolugo.org.

Cervo, escenario da XVII Festa do Ovo Frito

O Concello de Cervo será o escenario da XVII Festa do Ovo Frito o mércores 14 de agosto. A cita está organizada por Airiños do Xunco e Cabaleiros da Bidueira, coa colaboración do Concello, e foi presentada pola rexedora, Dolores García Caramés, a concelleira Mali Méndez, o edil Alfredo Fernández, e unha representación destas dúas asociacións que se encargarán da tradicional cita do verán cervense que cada ano reúne a milleiros de persoas que se achegan ata as inmediacións da Praza do Souto para degustar este manxar.

Desde a organización precisan que se comezarán a servir as racións de ovos, patacas, chourizo, pan e bebida a partir das 20:00 horas, a un prezo de 7 euros. A cita estará amenizara pola Charanga Europa e pola



Disco Móbil Conxuro e teñen previstos 8000 ovos e 4000 chourizos que se prepararán en vivo e en directo. O Concello anima a veciños e visitantes a gozar desta Festa tan popular do verán de Cervo e da contorna.

Éxito da primeira Rapa das Bestas de Neipín



O deputado de Rural Daniel García asistiu á primeira edición da Rapa das Bestas de Neipín, na Pontenova, que nace da man da asociación Equus Norte coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

Máis dunha vintena de aloitadoras e aloitadores colaboraron nas tarefas de rapa e marcado de cabalos e eguas no curro instalado no alto de Neipín, onde se mantivo a actividade ao longo da xornada cun xantar, animación musical e un espectáculo de doma.

Daniel García felicítouse “polo nacemento desta nova rapa, a terceira da comarca da Mariña, para visibilizar e impulsar o recoñecemento social da gandería, e

especialmente da cría en extensivo, na conservación do territorio e da vida no rural”. Neste sentido, valorou “o traballo e a iniciativa das persoas que colaboraron na organización, que transmiten unha gran paixón e orgullo polo que fan”.

A área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo apoiou a organización da rapa cunha achega para a instalación do curro, que permitirá a celebración das actividades deste ano e en futuras edicións. A área provincial tamén colabora no financiamento doutros gastos como a degustación da carne de poldro de pura raza galega que se realizou o venres nos locais de hostalaría da vila da man de Puraga.

A Pontenova volve gozar este mes do BaixEo e FaragullEo

O BaixEo da Pontenova, unha das citas máis divertidas do verán, volve ao municipio o vindeiro 17 de agosto da man do CIT A Pontenova e o Concello. Nesta popular xuntanza cada participante pode levar a cabo o descenso polas augas do río Eo que atravesan a localidade utilizando todo tipo de ferramentas.

Os participantes reuniranse pola mañá na Chousa, na área recreativa do Pozo da Ola para que despois, ás 11.00 horas, sexa a saída ata Piegaponte e ás 12.00 horas cara ó coto de Salmeán. Xa ás 14.00 horas será a chegada ao Pozo da Ola. Como vén sendo habitual, para repoñer forzas despois do esforzo lúdico e deportivo, A Pontenova aproveita para dar a coñecer unha das súas comidas típicas, os faragullas, que misturan auga, leite, fariña de trigo, ovos e sal.

Este ano o Faragull-Eo acada a súa vixésima terceira edición. Para poder participar será necesario inscribirse, que ten un prezo de 15 euros e inclúe transporte das embarcacións, dereito a participar como comensal



e camiseta e cunca de barro. Poderá facerse ata o 14 de agosto ingresando na conta ES96 2080 0137 4130 4000 1688 de Abanca e, para máis información, pódese chamar ao 982 342 292.

Na inscrición é preciso indicar o lugar dende o que se desexa comezar (Piegaponte ou Salmeán). Todos os que tomen parte deberán levar chaleco salvavidas. O obxectivo principal da actividade é desfrutar do río e da contorna, polo que dende a organización piden a máxima precaución.

RUTA DA TROITA. Os motores volverán facer ruxir a Pontenova. O grupo Os Fozamontes programa unha nova edición da Ruta da Troita, unha xuntanza habitual no calendario do municipio e para os afeccionados do motor que chega a súa sétima convocatoria.

A cita terá lugar os días 14, 15 e 16 de marzo e será unha xuntanza para todos os amantes dos coches, das motos, dos quads, atv e utv que participarán cos seus vehículos.

vegadeo

París de Noia, Waykas e Tekila estarán nas festas

O concello asturián de Vegadeo celebra as súas patronais este mes de agosto. A cita comeza un ano máis o sábado día 10 coa Noite Celta da man de Alejandro Martínez. O mércores 14 continúa o programa coa actuación do grupo Zona Zero, acompañada polo grupo revelación deste ano: Tekila.

Ademais os asistentes poderán desfrutar, a partir das 00.30 horas dunha sesión de fogos de artifício. O xoves 15, chega ao municipio unha das grandes da verbena, a París de Noite que amenizará a noite xunto coa Macro Discoteca Euphoria e Alejandro Martínez. As festas continúan o venres 16 coa actuación da orquestra Alianza e a revelación en Asturias. A formación Waykas. Vegadeo despide as súas patronais o domingo 25, xornada na que terá lugar a Jira Campestre coa actuación musical de DeeJay.

CINE NA RÚA. Un ano máis, a Asociación de Comerciantes de Vegadeo (ASCOVE) e o Concello de Vegadeo impulsan un ciclo de cine



de verán na rúa que se celebrará os martes 23 e 30 de xullo e 6 e 13 de agosto. As sesións, dirixidas a un público familiar, poderanse desfrutar a partir das 22.15 horas, na Praza do Concello, con asistencia libre e gratuíta.

Os asistentes poderán gozar dos filmes *Spiderman*. *Cruzando el Multiverso* o día 23, *Cazafantasmas Más Allá o 30*, *Aventuras de una Kraken Adolescente* o 6 de agosto e *Lilo mi amigo el cocodrilo* o 13.

ourol

Ourol celebra a partir do día 10 as súas patronais

Ourol celebra as festas na honra a Nosa Señora os días 10, 11 e 15 de agosto. A romaría comeza o sábado coa presentación do libro *A Imaxería nos cemiterios de Ourol* de don Anxo Vázquez Pernas e coa actuación do grupo de gaitas Bagoas da Terra a ás 21.00 horas. Logo, ás 21.45 horas, terá lugar a gran cea popular e seguiralle unha gran verbena con Suavecito e o grupo Alba. O domingo haberá sesión vermú prolongada con Grupo Zona Zero. As festas remata o xoves 15 de agosto con misa solemne, procesión e sesión vermú prolongada co Trío Zafiro.

Con motivo das festas, organizan unha cea popular. A cita será o 10 de agosto a partir das 21.45 na carpa situada na praza do Concello. Ten un prezo de 28 euros para os maiores de 11 anos, de 14 para os nenos de 7 a 11 e gratuíta para os menores de ata 6 anos.

Os empadroados comerán de balde. Será imprescindible recoller os tickets nas dependencias do Concello e entregalos o propio día. Os interesados poden anotarse ata o 7 de agosto ás 14.00 horas.

riotorto

A vila será sede do Campionato de España de Carrilanas

O próximo 7 de setembro, sábado, terá lugar a terceira baixada das carrilanas en Riotorto, debido ao éxito das edicións precedentes.

A actividade está organizada pola Asociación de Carrilanas os Meiregos, un club formado por veciños e amigos de Meira e esta celebración ten o dobre obxectivo

de reivindicar esta práctica e ao mesmo tempo traer turismo á zona e axudar aos negocios. Aínda non se coñecen os detalles da proba, si se sabe que será a sede na que se celebrará este ano o Campionato de España, ademais de ser puntuable para as Copas Galicia e España.

Festas en Santa Comba da Órrea

O 7 de setembro, sábado, terá lugar a terceira baixada das carrilanas en Riotorto, debido ao éxito das edicións precedentes. A actividade está organizada pola Asociación de Carrilanas os Meiregos, un club formado por veciños e amigos de Meira e esta celebración ten o dobre obxectivo de

reivindicar esta práctica e ao mesmo tempo traer turismo á zona e axudar aos negocios. Aínda non se coñecen os detalles da proba, si se sabe que será a sede na que se celebrará este ano o Campionato de España, ademais de ser puntuable para as Copas Galicia e España.

Renovarán a cuberta da pista de pádel e o campo de fútbol local

O Concello de Alfoz comezará nestes días as obras para renovar a cuberta da pista de pádel municipal.

Deste xeito, pretenden mellorar as instalacións para esta práctica deportiva que continúa a sumar cada vez un maior número de afeccionados.

Ademais, dende o Goberno municipal tamén apostan por mellorar o resto de instalacións deportivas, polo que tamén se encargarán de construír os baños no campo de fútbol.



EN BREVE

CARBALLIDO. A localidade presenta o cartel do San Roque, un programa pensando en satisfacer os distintos gustos musicais. A cita, que terá lugar no adrio de Carballido, será dende este venres ata o domingo desde o 16, que se abrirá coa música do Grupo Claxxon, acompañado tamén do dúo Belinda. O sábado 17 con DJ Balbin, que estará acompañado do Grupo Montreal, e o domingo 18 co case DJ residente Pablo Paleo Ramos e a súa espectacular Conxuro Disco Móvil. Ademais, os asistentes tamén poderán gozar da orquestra Los Satélites. E para os que gustan dun bo churrasco acompañado da mellor música, o domingo 18 terá lugar a tradicional macrochurrascada.

BACOI. Baco celebra as súas festas na honra a Nosa Señora os días 14 e 15 de agosto. O mércores haberá churrascada e chourizada popular a partir das 21.30 horas da noite. Seguiralle unha verbena coa actuación do dúo Belinda. O xoves 15 continúa a romaría con misa solemne e procesión seguida de sesión vermú con Grupo Pasión. Xa pola noite, ás 21.00 horas, haberá verbena co Grupo Pasión. A cita está organizada pola Asociación de Veciños de Baco e conta coa colaboración do Concello de Alfoz.

OIRAS. As Oiras celebra un ano máis as súas festas na honra a Virxe do Carme e San Mamede os días 9 e 10. O programa comezará o venres cunha cea popular a base de empanada, chourizo e touciño a partir das 21.00 horas. De seguido actuarán Xilo e Carlos e o dúo Belinda. A cita continúa o sábado cunha misa, seguida dunha sesión vermú amenizada polo dúo Eclipse e tamén verbena, a partir das 22.00 horas, co dúo Eclipse e disco móbil Conxuro.

O Carme en Mor reuniu a máis de 200 persoas



A Asociación Veciñal de Mor celebrou a tradicional Comida do Carme en Mor, Alfoz, un evento que reuniu a máis de 200 persoas tanto da parroquia como doutros concellos, nun día cheo de actividades e boa compañía.

A xornada comezou coa misa na honra á Virxe do Carme, seguida dunha animada sesión vermú que deu paso á comida cun menú composto de paella e costela asada. Despois do xantar, a festa continuou cunha animada sesión de tarde a cargo do dúo Epo-k.

Os máis pequenos tamén tiveron o seu espazo de diversión, gozando de inchables, pintacaras e globoflexia, actividades pensadas para garantir un día inesquecible para todas e todos.

A directiva da Asociación Veciñal de Mor, presidida por Romina Lorenzo, quere expresar “o agradecemento á veciñanza pola súa participación e apoio, xa que son fundamentais para que o día fora un éxito”.

Ademais, invitan a todos e todas a acudir o vindeiro martes 16 de xullo á sesión vermú co grupo Rebolaxe.

FESTA DOS CHOFERES



Un ano máis, Alfoz celebrou a Festa dos Choferes da man da Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo. A sesión vermú e as verbenas protagonizaron o programa, que contou tamén con acampada, procesión de vehículos polas parroquias e bendición de coches coa súa entrega de premios.

Rubén López e Lendoiro participaron na festa da Peña Deportivista



A Peña Deportivista Pardo de Cela de Alfoz celebrou unha emotiva e exitosa Festa Deportivista á que asistiron unhas 140 persoas. Contou coa presenza destacada do xogador do Deportivo da Coruña Rubén López, o expresidente do Deportivo da Coruña, Augusto César Lendoiro e o Presidente das peñas do Deportivo, Luis Martínez. Entre os invitados tamén se atopaban a alcaldesa de Alfoz, Efigenia Maseda; o primeiro tenente de alcaldesa, Jorge Val e o segundo tenente de alcaldesa e concelleiro de Deportes, Eliseo Lorenzo.

A xornada serviu como un encontro entre persoas de todas as partes de Galicia e veciñas e veciños do concello que puideron disfrutar dunha comida de fraternidade, destacando o espírito de unidade e deportivista. Un dos momentos da xornada foi o agasallo do concelleiro de Deportes, Eliseo Lorenzo, ao xogador Rubén López, cunha figu-

ra do Castelo do Castro de Ouro de Sargadelos en nome do Concello de Alfoz.

Este xesto simbolizou a unión entre o concello e o club, reforzando os lazos de amizade e colaboración. Ademais, Luis Martínez, presidente das peñas do Deportivo da Coruña, quixo recoñecer o traballo e a dedicación do anfitrión Enrique Lorenzo, entregándolle unha medalla polos seus máis de 25 anos de implicación e compromiso co deportivismo. Este recoñecemento destacou a importancia dos líderes locais no fomento do espírito deportivo.

Desde a Peña Pardo de Cela de Alfoz queren expresar o seu profundo agradecemento a todos os asistentes e colaboradores polo éxito da xornada. “Foi un día inesquecible e cheo de emoción. Seguiremos traballando para manter viva a paixón polo Deportivo en Alfoz”, declararon os organizadores.

A Fapacel di que hai un erróneo agrupamento de aulas no CEIP

A federación que agrupa a 102 Anpas da provincia de Lugo -Fapacel- asegura que, por parte da Consellería de Educación, están a incumprirse os acordos asinados “no principio do ano para o “agrupamento” por aulas de alumnos de diferentes cursos e que tampouco se están respectando os cocientes establecidos para o número de matriculados por clase. Isabel Calvete e Geovana Trelles no nome da Fapacel reuníronse coa xefa territorial, Sagrario Sánchez Ramil, e co insperctor xefe, Íñigo Barreiro García.

Calvete lembrou que, en caso de existir un agrupamento de alumnos de diferentes cursos nunha mesma clase, “os grupos teñen que ser de menos de catorce alumnos, se son

dun mesmo ciclo; non poden superar os 12 alumnos se son de ciclos diferentes e grupos que abarquen todos os cursos de Primaria non poden exceder os 10 alumnos”.

A maioría son centros de zonas rurais, lembrou Calvete, pero tamén hai un da capital da provincia: o CEIP Virxe do Carme, de Sober; o CEIP A Fonsagrada; o CEIP Castro de Ouro, de Alfoz; o CEIP San Clodio, de Ribas de Sil; o CEIP As Mercedes de Lugo; o CEIP Rosalía de Castro, de Bóveda; o CEIP Ramón Falcón, de Castro de Rei; e o CEIP Monte Baliño, de Pantón. Calvete opina que “é un tema importante” e os pais “están preocupados”. “Non podemos deixar que pase o verán. Despois chega setembro e xa non hai solución”, concluíu.

O PSOE pon en valor o traballo da Deputación no desbroce de vías

Empezou no concello a campaña de desbroce de cunetas das estradas da Deputación unha vez arranxados os problemas debido a demora na contratación por problemas coa empresa que tiña adxudicado este servizo. Así, explican que xa están desbrozadas as vías de Faro a Esteiro a Vara o Cruceiro e Fontao.

“Hai que resaltar a xestión da concelleira do PSdG-PSOE de Xove, que reclamou o presidente da Deputación que se activara este servizo. Rogelia Mariña ten xestionado coa Deputación a reparación destas estradas nun convenio co Concello que esperamos que pronto se firme, xa que está en proceso de documentar o alcance de estas reparacións”, explican.

Ademais, engaden que as estradas están “nunhas condicións lamentables e tamén si e certo que non se facía a campaña de desbroce hasta finais de agosto e algunhas quedaban sen limpar, pero o Goberno e oposición de Xove nada fixeron, agora acórdanse. Os veciños e veciñas de Xove o saben ben, así que agora non fai falta explicarlles nada, xa o ven, excepto algún que quere criticar dende a distancia sen coñecemento do que sucede en Xove”, conclúen.

Por outra banda, dende o Grupo



Socialista denuncian que os procesos selectivos de persoal no Concello, que din que se fan de forma unilateral polo alcalde, “o que nos parece unha falta de transparencia con un sistema pouco democrático o propio de un sistema presidencialista”, aseguran. Deste xeito, sinalan que na convocatoria de dúas prazas de operario de servizos múltiples como persoal laboral fixo recollidas no OPE 2022 e na OPE 2023 do Concello para a súa cobertura definitiva se cometeron varias irregularidades.

“Estas foron denunciadas polos opositores, como foi a exclusión por non acadar unha puntuación mínima e tamén por que a composición do tribunal non cumpría os requisitos que a lei establece, sendo anulada por decreto da Alcaldía, o que deixa claro que as cousas non se están facen ben”.

O BNG cuestiona a quinta modificación de crédito do Goberno municipal

O BNG cuestiona a quinta modificación de crédito do Goberno municipal e a redución do remanente de tesourería de 17 a 13 millóns de euros nun ano de mandato. Os nacionalistas abstivéronse na votación no pleno extraordinario. Lembran que, tras comezar con retraso o servizo Xove Concilia, deuse a urxencia de suplementar o crédito inicial por un erro de previsión na participación.

“Na comunicación da convocatoria falábase só do Concilia e a realidade é que do total do case medio millón de euros que se aprobou hoxe, só 18.000 euros foron para dito servizo”, explica a voceira Pilar Vázquez. Dos 17.505.742,26 euros que había nas arcas municipais hai un ano, cóntase na actualidade con 13.453.446,2 euros. Sempre defendimos que había que facer uso do re-

manente pero planificado, responsable e garante da mellora de servizos da totalidade dos veciños e veciñas. Non para obras illadas e de carácter electoralista”, afirma Vázquez.

Ademais, “tendo en conta que Alcoa non está cumprindo coas súas obrigas fiscais co concello, preocupápanos que o Goberno non se estea axustando á realidade orzamentaria”. Dentro dos 15 puntos aprobados, unha das partidas máis importantes foi a destinada ao arranxo de pistas forestais que ascendeu a 60.000 euros. Os nacionalistas consideran que non sería preciso destinar tal cantidade se o Goberno municipal exercera as súas competencias e esixira á industria forestal deixar en bo estado as pistas despois de cada traballo, como marca a normativa municipal.

Villares enxalza a calidade do produto local na Festa do Percebe

O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, asistiu a nova edición da Festa do Percebe de Xove, onde enxalza a calidade e sabor dos produtos do mar galegos. O responsable autonómico puxo en valor a ampla traxectoria desta cita gastronómica, recoñecida de Interese Turístico Galego, que cumpre a súa décimo primeira edición, despois de ser recuperada en 2022 tras un parón de dous anos causados pola pandemia. Ademais, mediante a lectura do pregón inaugural, Villares resaltou o importante papel que xogan este tipo de eventos na promoción dos produtos pesqueiros entre a cidadanía incentivando o seu consumo e a difusión das súas propiedades culinarias e nutricionais.



A carpa central instalada na praza do Concello foi o epicentro desta festa e o produto a servir procede das lonxas da zona, onde se venden os máis grandes e mellores percebes dos cantís da Mariña e Ortegal.

Ademais das degustacións, tive-

ron lugar actividades culturais e divulgativas entorno á figura do percebeiro, engadindo á manifestación culinaria as tradicións e os coñecementos que viran ao redor dun oficio único con obradoiros para os máis pequenos, charangas e teatro.

Salgueiro ocupará a viceportavocía do PP

Os deputados populares Demetrio Salgueiro e José Ángel Santos ocuparán a viceportavocía primeira e segunda, respectivamente, no novo reparto de función do Grupo Provincial Popular trala saída de Carmen José López que, ata agora, exercía de vicevoceira primeira.

O voceiro provincial popular, Antonio Ameijide, explica que este novo reparto de funcións “é o resultado do consenso dentro do equipo e ten como obxectivo favorecer o desenvolvemento do traballo do mellor xeito e cunha rigorosidade máxima”. Antonio Ameijide referencia esta decisión do Grupo Popular e afirma que

“son as persoas idóneas para asumir estas funcións dado o seu amplo coñecemento da xestión municipal, do funcionamento da Deputación e da provincia de Lugo”.

Este acordo de todos os deputados populares realízase na procura “do mellor para a provincia” xa que “tal e como dixemos dende o día que tomamos posesión realizamos unha oposición construtiva, dando prioridade aos intereses de todos os veciños da provincia”.

Así mesmo aproveitaron esta reunión para organizar o traballo do equipo provincial na zona máis occidental da Mariña lucense, partici-



pando nesta reunión representantes alcaldes e voceiros do entorno. “O motivo de descentralizar as reunións de traballo e desprazar a todo o grupo provincial de xeito habitual pola provincia é coñecer de primeira man a situación real de cada comarca o que reforza a relación de apoio do Grupo provincial co resto de grupos municipais e compañeiros da provincia”, sinalou.

A localidade xa conta cunha rede de contedores marróns

Poden verse os contedores marróns nalgúns puntos de Xove. Neles pódese depositar materia orgánica, restos de comida e plantas. Para facer uso destes contedores hai que solicitar unha chave por teléfono no número 982 592 001, por e-mail medio.ambiente@xove.es, acudindo ás oficinas do Concello ou no Rexistro.

Ademais, o vindeiro venres 12 de xullo a partir das 20.00 horas na aula de formación do concello de Xove farán entrega da chave, dun contedor pequeno e de dous paquetes de bolsas



biodegradables a todos os inscritos que queiran facer uso deste servizo. A entrega virá precedida dunha bre-

ve charla na que se explicará como é o seu uso e se responderán a todas as dúbidas.

A parroquia Ría de Abres contará co seu propio centro social

O alcalde de Trabada, Rubén García, asinou un convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o concello para cooperar no financiamento da construción dun centro social na parroquia Ría de Abres. Para executar a actuación, cun orzamento de 196.253,60 euros, a achega da Deputación de Lugo será de 190.000 euros, polos 6.253,60 euros que aportará o concello.

“Quero dar de novo as grazas á Deputación para levar a cabo e colaborar con proxectos moi importantes para Trabada”, asegura Rubén García. Ría de Abres é “a única parroquia que non conta cun lugar para que os veciños e veciñas realicen actividades ou obradoiros”, engade o alcalde. O centro social estará xunto á



área de autocaravanas e “desta forma continuamos coa mellora dos servizos e infraestruturas públicas en todo o concello”, remata Rubén García. O mandatario provincial enmarcou esta colaboración económica “no compromiso que mantemos desde a institu-

ción provincial coa cooperación con todos os concellos da provincia. Este proxecto é a mostra de que atendemos as necesidades dos nosos veciños e veciñas e seguimos dotando ao rural de servizos de calidade que melloren o día a día da poboación”.

A cuberta do pavillón cambiarase coa axuda da Xunta

O PP pon en valor o traballo da Xunta investindo no Concello, segundo o manifesta o voceiro, José María Fernández, que explica que “o Concello recibirá unha nova axuda correspondente ao fondo adicional do Fondo de Cooperación Local dirixida á mellora da eficiencia enerxética de edificios de titularidade municipal”.

Concretamente, a Xunta concede 60.000 euros para a substitución da cuberta do polideportivo municipal. Fernández subliña que “trala reunión mantida co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, xa avanzamos que o Goberno galego seguiría investindo en Trabada despois dos máis de 170.000 euros que achegara ata o momento”.

O popular destaca que “no que vai de 2024, a Xunta xa ten concedido máis de 200.000 euros ao Concello de Trabada en diferentes liñas de axudas”. E a isto hai que engadir outras aportacións habituais e o financiamento de servizos públicos de competencia autonómica.

A Xunta achega 30.000 euros para a área recreativa de Vilapena, case 20.000 euros para a renovación da cuberta do Centro Social de Sante, máis de 50.000 euros para cubrir o parque infantil, máis de 16.000 euros para a contratación dun traballador, máis de 55.000 euros para o mantemento e mellora do acceso a Val das Eguas e a Penela e máis de 1.000 euros de axuda ao funcionamento de Protección Civil.



Renovado o parque infantil de Sante e o valado de varias pontes

Remataron as obras de renovación do parque infantil da parroquia de Sante. A actuación, dentro do Plan Único da Deputación, supuxo un investimento de preto de 50.000 euros e incluíu a renovación de todos os aparatos de xogo, o chan e o valado de protección.

“Un renovado espazo de lecer para as familias de Sante”, asegurou esta mañá o alcalde de Trabada, Rubén García, “e desta forma seguimos a dar pasos para mellorar todos os parques infantís de Trabada”.

O concello continuará coa mellora destas zonas, xa que obtivo unha subvención para cubrir o parque infantil situado na rúa de San Roque e recentemente substituíu o valado do parque infantil do colexio de Infantil e Primaria.

Ademais, o Concello substituíu o va-

lado de varias pontes situadas nas parroquias. En concreto, as actuacións foron nas pontes da Escanarega, Portodomalle, Río, San Esteban, A Trapa e Trabadela. “Uns traballos que levamos a cabo con fondos propios do concello para mellorar a rede de estradas municipais de Trabada”, explica o alcalde, Rubén García. Desta forma, “melloramos a seguridade viaria Nestas pontes, que necesitaban a substitución do seu valado debido ao seu desgaste”, engade.

Preparan a celebración das súas patronais

O municipio de Trabada celebra as súas festas na honra á Nosa Señora e ao San Roque. O programa comeza este mércores 14 no que a gastronomía será o epicentro da xornada. Haberá unha gran churrascada a partir das 22.00 horas cun menú a base de empanada, xamón cocido, costela de porco, chourizo e criollo, pan e bebida. Terá un prezo de 25 euros para adultos e de 12 para os menores de ata 12 anos.

Os asistentes tamén poderán gozar da música na gran verbena amenizada por BRF Dj. A cita continúa o xoves a partir das 13.00 horas con misa solemne, seguida de sesión vermú amenizada pola orquestra Suavecito. Ademais, pola noite haberá unha gran verbena coa orquestra Suavecito, The



Sound Project e BRF Dj. A celebración remata o venres 16 de novo con misa solemne e sesión vermú longa ata que o corpo aguante coa actuación do grupo Lume. Nesta xornada tamén haberá comida de balde a base de empanada, xamón cocido e chourizos.

EN BREVE



MAQUINARIA. O Concello recibiu nova maquinaria para traballos de mantemento de espazos naturais e poda. O alcalde destaca ademais “o feito de que esta nova maquinaria sexa eléctrica, polo que melloramos o respecto medioambiental”, engade o alcalde. O novo equipamento chega grazas a unha subvención de 3.700 euros acadada polo concello a través do Fondo de Compensación Ambiental.



TRABADELA. O Concello rematou as obras de renovación da cuberta da antiga escola unitaria de Trabadela, que tivo un orzamento de 30.000 euros e para realizar as obras acadouse unha subvención de case 20.000 euros, aportando o goberno local uns 10.000 euros.

CURSO 2024/2025
Reservar tu plaza en Foz para el nuevo curso

Preparados por Cambridge English Qualifications

Reserva ahora!
982 103 377
605 738 247

www.docklandsacademy.es/matricula

A Deputación mellorará a vía que une o barrio Novo e a praia de Coto

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou novos investimentos por un total de 800.000 euros para realizar obras de acondicionamento e mellora en sete estradas provinciais ao seu paso polos concellos de Barreiros, Pantón, Paradelas, Baralla, Lánca, Sarria e Vilalba. Concretamente, o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, avanzou que “seguindo na liña de mellorar a mobilidade no conxunto da provincia, aprobamos sacar a licitación por algo máis de 400.000 euros o arranxo de tres vías en Barreiros e Pantón”.

No caso de Barreiros, mellorárase algo máis de dous quilómetros da vía LU-P-0611, que vai dende o Ba-

rrio Novo ata a Praia de Coto, e as obras realizaranse desde o inicio da estrada cun orzamento de preto de 225.000 euros. Neste proxecto, que conta cun prazo de execución de dous meses, inclúese a reapertura de cunetas, drenaxe, a pavimentación con aglomerado en quente e a correspondente sinalización horizontal e vertical. Rivera Capón destacou a importancia desta estrada provincial porque parte da N-634, “é dicir, da estrada xeral, ao pé do tanatorio, e remata na praia de Coto na vía que vertebra a costa. É unha das vías máis transitadas para acudir ás praias e que soporta un elevado número de tráfico, sobre todo nos meses de verán”.

O PP pide o arranxo da estrada que dá acceso á praia de Coto

“Os primeiros turistas xa disfrutaban das praias e da riqueza natural e cultural de Barreiros, pero semella que ao goberno local non lle preocupa garantir a seguridade destes visitantes que chegan ao municipio nin dos propios veciños”, así o explica o voceiro popular, José Manuel Gómez Puente, que afirma que os postes de luz están apagados en tres rúas de San Bartolo, afectando a dous locais de hostalería, ao espazo recreativo desta zona e aos veciños das numerosas vivendas que hai nestas rúas. “A situación é un perigo para calquera persoa que vaia a pasear por esta zona”, sinalou.

O popular tamén fai referencia a un burato de grandes dimensións na zona que “están sen sinalizar, supoñendo outro risco para a veciñanza”. Neste senso, José Manuel Gómez Puente insta ao Goberno local “a realizar os traballos de mantemento urxentes e necesarios para garantir a seguridade” xa que un burato coma



este “pode supoñer un gran perigo porque os cidadáns somos curiosos e calquera pode esvarar”.

José Manuel Gómez Puente recorda que segue sen acenderse a iluminación da rotonda que une as nacionais 634 e 642 en Barreiros “pese a que hai máis de dous meses que o denunciámos”. O voceiro popular en Barreiros explica que por esta rotonda circulan a diario miles de con-

dutores xa que estas dúas estradas nacionais son dúas das principais arterias da Mariña xa que ademais de unir esta comarca de Este a Oeste, a N-634 dá acceso a autovía A-8. “Non desistiremos ata conseguir que recuperen a iluminación neste punto xa que trátase da seguridade da xente, un tema no que ninguén debe dudar nin un intre e poñer todos os medios para garantir a seguridade”.

Poñen en marcha a sexta edición da Festa do Ovo Frito en San Cosme

Poñen en marcha a sexta Festa do Ovo Frito en San Cosme de Barreiros. A cita será o vindeiro mércores 14 de agosto a partir das 19.30 horas no campo de fútbol o Cascabeiro.

Os pratos están formados por 2 ovos 1 chourizo patacas e bebida e a xornada estará amenizada coa mellor música da man do DJ Alejandro Martínez, un dos mellores da zona; Dúo Marinada e o grupo folk Con faldas y a lo loco. As racións serán a 12 euros por persoa.



Deputación e Concello facilitan a conciliación dunhas 200 familias



A deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, mantivo un encontro no Concello de Barreiros cos 50 nenos e nenas que están a participar nunha das quendas do Programa +Concilia, a iniciativa que pon en marcha a institución local e que conta cunha achega económica por parte da Deputación de 17.000 euros. Este programa, ao que o Concello de Barreiros dedica preto de 4.000 euros, divídese nun total de 6 quendas que comezaron o pasado 24 de xuño e que rematarán o vindeiro 6 de setembro.

En total participan nesta programación case 300 nenos e nenas de Barreiros de entre 4 e 12 anos. Neste encontro, ao que tamén asistiron a Alcaldesa do Concello de Barreiros,

Ana Belén Ermida Igrexa, a Concelleira de Servizos Sociais e 2ª tenente de Alcaldesa, Mª del Carmen Veiga Rodríguez, e a Concelleira de Igualdade, Educación e Saúde, Mª Montserrat Porteiro Sánchez, Carmela López fixo especial fincapé na importancia de apoiar este tipo de proxectos “cos que favorecemos a conciliación laboral dunhas 200 familias do municipio ata que comece novamente o curso escolar no mes de setembro”.

Nesta liña, a deputada provincial subliñou a gran acollida que tivo esta programación entre a veciñanza “posto que, nalgunha das quendas as prazas esgotáronse rapidamente, o que demostra a necesidade de desenvolver este tipo de iniciativas”.

Preparan a VI Concentración de Retroclásicos



A Praia de Coto de Barreiros será escenario dunha nova edición da Concentración de Retroclásicos, que chega a súa sexta convocatoria este sábado 24 de agosto. O programa comeza ás 10.00 horas coa apertura da exposición de motos e coches clásicos.

Ás 14.30 horas terá lugar a comida no restaurante A Yenka. Despois terá lugar unha ruta polas praias de Barreiros. A partir das 19.00 horas será a quenda da entrega de trofeos para o participante máis veterano, para o máis novo e para o club máis numeroso. Ademais, tamén entregarán premios especiais para a moto e o coche máis antigos.

As inscricións teñen un prezo de 35 euros para adultos e de 15 euros para nenos ata 14 anos e poden facerse a través do 697 356 090 ata este xoves 22 de agosto. A cita está organizada pola Asociación Retroclásicos de Barreiros coa colaboración do Concello e da Deputación de Lugo.

VIÑOS DAS TERRAS DO NAVIA



Barreiros acolleu unha charla divulgativa e unha cata comentada sobre os viños da IXP Terras do Navia, organizada pola Asociación Galega de Viticultura e a FRUGA. Participaron Roberto Rivas, presidente da Asociación Galega de Viticultura, e os adegueiros Xosé Antonio Meixide e Manuel Cancio, así como do sumiller Martín Santos, encargado de guiar a degustación dos distintos viños que se comercializan co selo da IXP - de Adegas Panchín, Adegas Sidrón e Bodega da Señora-.

Do 9 ao 11 de agosto celebrarase o XXXII Mercado Medieval

Vén de presentarse o XXXII Mercado Medieval de Mondoñedo, que terá lugar os vindeiros días 9, 10 e 11 de agosto de 2024 no centro urbano da cidade episcopal.

O programa desenvolverá máis dun cento de actividades que abranguen desfiles de cabaleiros, ruadas musicais e de atraccións, torneos medievais, contacontos, monicreques, cetrería, unha voda medieval e, por suposto, a Cea Medieval do sábado. Dende o Concello queren convidar a todo mundo a asistir esta celebración do mes de agosto, unha das referencias do calendario festivo de Mondoñedo.

A Xunta de Galicia colabora na celebración evento e durante a presentación do programa, o delegado territorial de Lugo, Javier Arias, gabou o traballo de organización realizado polo Concello, representado polo alcalde, Manuel Otero, e a implicación das asociacións O Pasatempo e Amigos do Mercado Medieval "para



reeditar un ano máis o éxito desta festa declarada de interese turístico galego".

A apertura dos postos do mercado está fixada para o venres ás 20.00 horas, se ben o xoves os nenos e nenas da ludoteca irán creando ambiente polas rúas da cidade e tamén se celebrará un concerto da Escola de música.

A fin de semana os postos estarán abertos desde as 11.00 horas, con demostración e venda de produtos

agroalimentarios ou de artesanía, como fiandeiras, palilleiras, cantería ou coiro.

Haberá arredor dun centenar de actividades, especialmente para público infantil ou familiar, entre elas animación musical, contacontos, exhibicións de cetrería ou vodas medievais. Precisamente, os pregoeiros desta trixésimo segunda edición serán María Teresa Sanz e Pablo Zarza-lejo, a primeira parella que se casou por este rito hai 15 anos.

Cool Nenas, grupo confirmado do BreaSon

A Asociación Xuvenil Xoldra de Mondoñedo está a preparar a nova edición do BreaSon, un festival que conta con música, oferta gastronómica, teatro e moitas actividades. A cita chega o vindeiro 9 de novembro e os primeiros confirmados son Cool Nenas e o grupo Terbutalina. O trío e a banda de Esteiro encabezan o cartel polo momento que aínda non está completo

Na última edición contaron con actividades de lecer, unha representación teatral, catas de viño e un magosto. Ao escenario subiron Catuxa Salom, Grande Osso Fillas de Cassandra, Ruxe Ruxe, Los Rastreadores e The Skarnivals.

Abren as inscricións para a XII Xuntanza Cantos de Taberna

De novo, Mondoñedo será epicentro da música e da tradición da man dunha nova edición dos seus Cantos de Taberna. A cita, que chega a súa décimo segunda convocatoria, terá lugar o 14 de setembro. O evento conta coa colaboración do Concello, da Deputación de Lugo e a asociación O Pasatempo. Os interesados en participar xa poden inscribirse no 605 582 624.

Os socialistas piden a mellora do aparcadoiro da Igrexa Nova



Os socialistas critican que a Oficina de Turismo estivo pechada durante o mes de xullo, tódolos domingos e luns deste mes. Por iso, na sesión plenaria de agosto, interpelaron ao Goberno para coñecer as causas "desta deixadez no servizo turístico do Concello". Ao que lles respostaron que "hai enquisas que din que os domingos son os días que menos turistas acoden á oficina".

Dende o PSdeG "non entendemos como contando con dous traballadores municipais, ademais da concelleira que cobra a fin de mes unha dedicación, esta oficina está pechada máis do 25 % dos días de xullo, e nunha época de máis afluencia de turistas á cidade. Nes-

tes intres de seis concelleiros do Goberno do PP, catro deles están cobrando das arcas municipais, polo tanto pedimos máis dedicación e máis traballo nos servizos públicos da nosa cidade", sinalan. Os socialistas critican que o PP gaste recursos públicos por pertencer a redes de promoción turística a nivel estatal "pero sexan incapaces de abrir a oficina de turismo durante o verán. Isto é inconcebible", advirten. Nesta mesma sesión plenaria demandan, a través dun rogo, que se acondicione e mellore o aparcadoiro da Igrexa Nova, xa que tralas últimas choivas presenta un aspecto moi deteriorado e lamentable. E que se arranxen as fochancas e se limpen os canos.

Denuncia do estado da marxe da antiga N-634

O BNG denunciou no último pleno o mal estado das marxes do treito da antiga N-634 desde a Volta Grande ata a travesía Carlos Folgueira e pide que concello leve a cabo con urxencia as labores de limpeza xa que, ademais da mala imaxe que presenta esta entrada para á cidade tamén pon en perigo a seguridade do tráfico. Para o BNG as marxes da estrada deben estar despezadas de vexetación e non chega con facer só rozas periódicas cada vez que se aproxima unha festa en Mondoñedo, como pode ser agora o Mercado Medieval.

Instan ao Goberno a facer clareos de vexetación para mellorar a visi-



bilidade nese treito con curvas e a eliminar as pólas das árbores que afectan ao tránsito de camiións ou autobuses que moitas veces teñen que votarse ao medio da calzada para evitar o roce coas ramas.

EN BREVE



ALFOMBRA FLORAL. Santiago volveu contar este ano cunha fermosa alfombra floral para conmemorar o día grande das festas na capital e que se fixo diante do hostel dos Reis Católicos. Novamente o grupo Pétalos das Pontes participou neste evento xunto a membros do centro San Pablo de Mondoñedo.



MUSEO. A Xunta entregou ao Museo Diocesano e Catedralicio unha antiga peza de cerámica descuberta nun xacemento da localidade no ano 2017. O fragmento é parte dunha cunca e presenta no seu fondo un grafito con sete liñas incisas radiais, interpretadas como a representación dun Crismón arcaico, segundo figura na memoria da intervención.



MUSEO. Javier Arias, reuniuse con representantes da asociación As San Lucas para tratar novas colaboracións de cara á celebración das Festas das San Lucas deste ano. O Goberno galego financiará a instalación de gradas na praza da Catedral para mellorar a seguridade e a visibilidade na espectacular baixada dos cabalos polo casco vello e na exhibición de doma nocturna.

A praia de Xilloi será escenario dun concurso de figuras de area

O Vicedo continúa coa súa programación sociocultural neste mes de agosto. Ademais de apostar polo programa Mércores de Natureza con distintas rutas, como é a Subida do río Sor en kayaks, programan un concurso de figuras de area que terá lugar na praia de Xilloi o vindeiro 14 de agosto a partir das 16.20 horas. Ademais, promoven un concurso de fotografía turística. Deste xeito, o venres 23 de agosto, na Casa da Cultura a partir das 21.00 horas, proxectarán as fotografías participantes e entregaranse os premios aos bañadores. Por outra banda, continúan as rutas guiadas. O mércores 21, a partir das 10.00 horas, é a quenda de Os Moutillós, un fito na praia de Area Grande.

Nesta xornada desfrutárase das vistas do Fuciño do Porco desde San Román, tamén da interesante xeoloxía da zona e a historia detrás do asentamento viquingo dos Moutillós. A distancia total é duns 4 quilómetros que se percorreren nunhas 3 horas. Trátase dunha proposta de balde, aínda que se precisa unha preinscrición obrigatoria a través de rutasgalicianorte@gmail.com ou no 634 631 461.

Concerto de Silvia Penide e Carla López na vila

O Vicedo continúa coa súa programación sociocultural neste mes de agosto. Ademais de apostar polo programa Mércores de Natureza con distintas rutas e dun concurso de figuras de area, os concertos tampouco van a faltar nesta semana. Dende o Concello programan a actuación As Mulleres Creadoras da man de Silvia Penide e Carla López.

Este concerto funciona como

A veciñanza volve concentrarse pola continua falta de médicos

No último pleno municipal, a voceira socialista Verónica Canoura defendeu un rogo para que se leven a cabo as xestións oportunas para mellorar a situación do centro de saúde e “buscar unha solución inmediata xa que esta situación estase a demorar en tempo”. Continúan a falta de facultativos no centro que está sen praza fixa de médico e tamén seguen as “manifestacións mensuais nas que os veciños se fan eco deste problema e demandan solucións, contratacións eventuais dunha praza de médico, e outra praza sen cubrir”, sinala a voceira.

De feito, as asociacións culturais e deportivas estanse a manifestar cada mes no Concello por esta situación. No pleno tamén preguntaron, tras dous anos consecutivos nos que non se ían izar as bandeiras azuis concedidas pola Adeac nas praias de Abrela e Xilloi, se “se podería explicar a situación de non contratación de socorristas neste Concello este verán”. Segundo os socialistas, a resposta do Goberno municipal é que ofertaran 6 prazas de socorristas para as dúas praias e que



finalmente para poder abrir unha delas necesitaban a 4 socorristas e só conseguiron 3, polo que así non contrataban aos profesionais.

CONCENTRACIÓN. Os veciños e veciñas do Vicedo continúan coas protestas pola falta de médicos no centro de saúde e reclaman a cobertura das dúas prazas de médicos con carácter fixo. Unha vez máis, as Asociacións culturais, deportivas e de veciños do Concello de manifestáronse para esixir mudanzas na situación.

Os convocantes, que portaron pancartas e corearon “médicos

no Vicedo xa”, aseguran que durante dúas semanas estiveron as axendas pechadas, con días sen facultativo, outros nos que só se atenderon as urxencias, anuláronse citas ou só houbo atención catro horas. Tampouco lograron atención no pediatra en Viveiro. Afirmar que o ambulatorio vicedense está “en colapso técnico” e reclaman un cambio de rumbo para que se cubran as dúas prazas de médicos con persoal fixo e que se garanta una atención de calidade, con un pediatra en Viveiro para os nenos de Oourol e do Vicedo.

O BNG critica o deterioro dos accesos ás praias



O BNG do Vicedo da man do seu concelleiro Miguel Gómez Fraga denuncia o estado dos accesos, da caseta dos baños e a falta da limpeza na praia da Abrela. No pleno de xaneiro, o grupo xa destaca o estado dos accesos peonais da praia de Area Grande e tamén se pedían unha mellora da recollida do lixo. De novo falan da situación nas praias de Xilloi, Abrela e Arealonga, nos que, segundo aseguran, o “estado de deterioro” dos accesos peonais.

Enumeran “táboas soltas e rotas”. No caso de Arealonga, “necesítase reparar a baixada do aparcadoiro xa

que os vehículos arrastran ao entrar e saír”. Por outra banda, a case dos baños, na Abrela, presenta “en si un estado de abandono”. Aseguran que a cuberta está chea de agulla de pino, “o que fai que a madeira sempre estea húmida e acabe por podrecer”.

Tamén afirman que os baños das mulleres está pechado e sinalan as deficiencias do servizo de recollida de residuos. No último pleno, os nacionalistas tamén defenderon a necesidade de instalar taboleiros e designar os lugares nos que se poñerán para facer as pegadas coa propaganda electoral.

Lourenzá celebra o Conde Santo con Luar na Lubre, Cinema e Nueva Fuerza



Lourenzá celebra a romaría de Conde Santo os días 30 e 31 de agosto e 1 e 2 de setembro. O venres será a cea e os asistentes poderán gozar da actuación de Luar na Lubre. O sábado haberá sesión vermú con Kalima 3.0 que estará acompañada de América á noite.

O programa continúa o domingo con sesión vermú non Nueva Fuerza que tamén amenizará a verbena xunto coa orquestra Cinema.

O luns dúo Epo-K será o encargado de facer gozar aos asistentes na sesión vermú e na verbena.

As festas de San Adriano terán lugar a primeira fin de semana de setembro



San Adriano, en Lourenzá, celebra as súas festas na honra a Santa Filomena os días 6, 7 e 8 de setembro. O venres haberá unha cea a base de pobo e churrasco a partir das 21.30 horas e gran verbena coas orquestras Trébol e Magos. O programa continúa o sábado con misa e sesión vermú coa orquestra Costada Dorada que estará acompañada por Saudade á noite.

O domingo de novo haberá misa e sesión vermú a cargo do grupo de baile da asociación cultural Osorio Gutiérrez de Lourenzá e da orquestra Principal que tamén amenizará a verbena xunto co dúo Epo-K.

Veciños de San Román logran a fibra óptica

Desde o pasado mes de marzo, a asociación veciñal San Román do Vicedo levou a cabo a recollida de firmas dos veciños para demandar o proxecto da instalación da fibra. Trátase dun proxecto que, aseguran, inicialmente incluía todo o concello do Vicedo, pero excluía o núcleo de San Román do Valle.

Por este motivo, a veciñanza non entendía como unha parroquia cun hotel, dous restaurantes e varios veciños teletraballando dende as súas casas quedaba fóra do proxecto. Finalmente a comercializadora púxose en contacto coa asociación para informarlle a boa noticia de que o proxecto se atopa aprobado.

“Houbo xente que probou con nós e agora non se perde unha ruta”

Terras de Lourenzá leva máis dunha década poñendo en valor esta actividade

Lucía Blanco

Dende hai xa once anos, un grupo de amantes do sendeirismo apostou pola súa paixón polas camiñatas, polo contacto coa natureza e por tecer amizades que se manteñen a día de hoxe e que naceron precisamente por compartir unha afección. A Ruta Fraga Vella, a Ruta Foces del Río del Infierno y de los Moñacos, a de Viñedos de Belesar ou Mina Carmina son os últimos traxectos que enfrontaron dende a Asociación de Sendeirismo Terras de Lourenzá, que suma xa uns 86 socios, tanto do propio concello como tamén doutros municipios como Mondoñedo ou Barreiros.

“Todos son moi agradecidos e estamos moi contentos con eles. Ademais, eu teño que dicir que a raíz do sendeirismo tamén coñecín moita xente coa que non tiña trato”, conta Pura, a presidenta. Máis aló de mellorar a saúde física e mental e de gozar dos paraxes naturais, quédase precisamente con todas as relacións que se crean tras animarse a camiñar.

Como botou a andar o colectivo?

Xa son once anos, quen o pensaría. Naceu porque o Concello fixo unha reunión xa que había moitos afeccionados ao sendeirismo e os que

estabamos alí eran os que faciamos moitas rutas porque, por exemplo, iam aos Picos de Europa. Xuntámonos uns cantos veciños e fundámola moi rápido porque había moitos interesados.

Todos os membros anímanse a facer as rutas?

Non todos van andar. Imos normalmente sempre unha media 20-30 persoas que está moi ben, porque hai sitios aos que non pode ir un bus grande e temos unhas limitacións.

Vostedes confirman que o sendeirismo non entende de idades.

Na asociación hai unha media duns 50 anos. Pero o maior de todos ten 78 anos e anda como o que máis! É un home que estivo toda a vida traballando entón puido saír e coñecer distintos sitios tamén grazas a nós. E é moi agradecido, para el sempre todo está ben feito.

Organizan unha ruta mensual como mínimo. Como se presenta o calendario para as vindeiras semanas?

Facemos as rutas de fin de semana e este ano temos 4 en concreto. Pero hai xente que non pode ir, entón tamén facemos unha a maiores dun día. Fomos xa a Mondoñedo e á Fraga Vella e este mes de agosto facemos a festa do socio e unha ruta por aquí con saída e chegada dende

Lourenzá. En setembro imos a La Cueta, o pobo máis alto de León, e tamén temos programada para novembro unha visita á Reserva Muñellos, en Asturias.

Traballan a un ano vista para poder ofrecer esta variedade de actividades. Como é a planificación?

Sempre nos xuntamos unha vez ao mes para facer as rutas. En decembro reunímonos para decidir as do ano seguinte e dividímolos para que cada un se encargue dunha. E antes imos velas. Tamén se comemos fóra hai que contratar o restaurante, por exemplo. Leva un montón de traballo.

O sendeirismo engancha?

Totalmente. Houbo xente que empezou a probar con nós e encantoulle e agora non se perde unha ruta. Ademais de facer sendeirismo, coñeces a cultura, fas amigos e hai sitios que adoitamos ir varias veces ao ano e sempre se coñece xente. Ademais, estás estresado durante a semana e serve para desconectar, eu polo menos veño súper relaxada e os demais igual. De feito, están esperando a ver cando hai unha ruta.

Que cambia de facer unha ruta só ou con amigos a facela da man dunha asociación coma a súa?

Cando vas con amigos non tes tam-



pouco tanta responsabilidade e ao levar xente estás pendente de que non lle pase nada a ninguén. Coñeces moita xente, vas a aldeas pequenas e ves cousas que pensas que non existen e seguen aí. De seguro hai sitios que eu persoalmente non iría se non fora coa asociación.

Que balance fan ata o momento?

Moi positivo. Estamos moi satisfei-

tos, temos unha directiva moi boa porque traballamos todos. E tamén anima a seguir, porque ao principio pensamos que iam durar uns anos e xa e non foi así. Ultimamente fixemos moitos socios, a xente engáñchase e entre uns e outros seguen aumentando. E é importante porque as asociacións son esenciais, sen elas o pobo morre.

O PP di que o orzamento de 2024 “chega tarde”

Os orzamentos do 2024 “chegan tarde, mal e arrastro”, critica o PP. O propio informe de Intervención advirte que “incumpren a lei” porque “se deberían presentar para a súa aprobación no pleno antes do 15 de outubro do ano anterior”. O portavoz popular, Roberto Díaz, subliña que “parece que o Goberno municipal socialista non estaba capacitado para sacalos adiante en tempo e forma” e demostra que “tampouco é capaz de dirixir o Concello” á vista de que “no ano 2023 gastou máis diñeiro do que ingresou”.

Durante o pleno saíron adiante os orzamentos co voto a favor do equipo de goberno. Os concelleiros do PP votaron en contra porque “a maior parte (1,9 millóns de euros que supoñen o 73 %) dirixírase a gastos de persoal e gastos correntes: para pagar nóminas, facturas a empresas que prestan servizo ao Concello ou gastos en subministración enerxética,

ca, por exemplo”. Só se reserva un 16% para investimentos, pero “condicionados a que o Concello reciba axudas doutras administracións”.

É dicir, “dependemos totalmente do resto de administracións e da xestión do goberno municipal á hora de tramitar axudas”. Os populares censuran, ademais, que “o propio goberno xa reflecta nos orzamentos a súa pouca esperanza para captar investimentos ou proxectos emprendedores para Lourenzá ao prever unha cifra irrisoria de ingresos polo imposto de obras”. E “se non hai obras, non hai creación de emprego, nin dinamización económica nin asentamento da poboación”.

Tamén lembran que “o incremento no capítulo de gastos de persoal responde, ademais de facer fronte á subida do salario mínimo interprofesional, ao deber de dar cumprimento á sentenza que condena ao Concello a pagar atrasos e intereses”.

Convocada a sexta edición do Certame de Teatro Afeccionado

A Concellería de Cultura de Lourenzá convoca a sexta edición do Certame de Teatro Afeccionado Concello de Lourenzá, no que poderán participar unicamente compañías ou grupos de teatro afeccionado que superen un proceso previo de selección, admitíndose calquera tipo de xénero e empregando preferentemente a lingua galega en calquera das súas variantes dialectais.

Os grupos interesados en participar deberán inscribirse nas oficinas municipais do Concello de Lourenzá ou por correo, enviando a seguinte documentación: ficha de inscrición, que aparece na páxina web do Concello; fotocopia do CIF do grupo ou compañía; ficha artística e técnica; e DVD, pendrive ou tarxeta coa gravación dunha representación da obra presentada a concurso. O prazo de presentación das solicitudes comezará ao día seguinte da publicación destas bases na web do

Concello e rematará o 27 de setembro de 2024.

As representacións terán lugar no edificio multiusos Ponte de Cuñas durante os meses de outubro e novembro deste ano, establecéndose un máximo de oito (a organización, en función da calidade das obras, poderá modificar o número de representacións). O horario será establecido pola organización. No mes de decembro terá lugar a entrega de premios nunha gala na que haberá unha representación teatral ou musical profesional. Para cada premio o xurado seleccionará tres nominados e será nesa gala cando se coñeza o gañador de cada categoría.

A nominación será comunicada pola organización aos interesados. Á gala final deberán asistir todos os nominados/as ou os representantes nos que deleguen. O Concello nomeará un xurado independente

que presidirá o edil de Cultura ou a persoa na que delegue. O fallo do xurado será inapelable. Cada grupo ou compañía de teatro seleccionado recibirá a cantidade de 350 euros en concepto de participación, desprazamento, montaxe, etcétera. Ademais establécense premios: Conde Santo á mellor representación (750 euros e trofeo), Premio Lourenzo ao mellor actor, Premio Ana á mellor actriz, Premio ao mellor actor de reparto, Premio á mellor actriz de reparto, Premio á mellor posta en escena e Premio especial do público. O xurado, de acordo coa organización, poderá establecer algún premio máis se o considerara oportuno. Os medios técnicos necesarios para a representación correrán a cargo dos participantes. E a xestión de pago á SGAE polos dereitos de autor correrán a cargo do grupo ou compañía participante no certame.

COLABORACIÓN

Unha educación sen esforzo

O PUPITRE



Julio Díaz

Fai un tempo lía a noticia dun profesor de Xixón que tiña o costume de pór sempre un 10 a todos os seus alumnos. Decía que “lles dá confianza”, que “se pode aprender sen angustia”, que “o estrés non incentiva o progreso do alumno” e que “a nota é un freo para a aprendizaxe”.

Por suposto, non utilizaba libros de texto, traballaba por proxectos colleita da súa casa e avaliaba, ollo o dato, “de forma holística”. A Consejería de Educación do Principado de Asturias, supoño que non moi dada a este tipo de romanticismo, empapelou a este docente basicamente por saltarse á toreira o dereito dos alumnos a unha avaliación xusta, rigorosa e obxectiva.

Vén a conto isto de que ultimamente recordo con certa nostalgia, pequenos esforzos que faciamos antes e que hoxe non se estilan. Quizais a suma destes esforzos foron capaces

de configurar, en certo modo, a miña personalidade loitadora, e a capacidade para afrontar retos e superar obstáculos. Teño que agradecer aos meus pais, e con máis intensidade a miña nai, que se esforzaran en darme unha educación para loitar na vida, unha educación de propoñerme metas e intentar conseguilas.

Os nenos e nenas de hoxe viven nun caldo de cultivo cheo de carencias de esforzo, que levan a unha personalidade máis débil e pouco entusiasta, persoas con moi pouco compromiso e paciencia, persoas ás que lles preocupa máis o resultado que o proceso de acadalo. As familias poden estar caendo no erro de pensar que o feito de darlles todo feito as súas fillas/os é facilitarles o crecemento e o desenrolo persoal. Os nenos/as precisan traballar, esforzarse por conseguir metas, necesitan ter tempos de espera na consecución dos seus desexos, necesitan planificarse no espazo e no tempo e, en todo iso, as familias e os docentes como un grande protagonismo. Esixir esforzo nas aulas non é, como pretenden os detractores do traballo, xerar ansiedade e frustración nos

nosos alumnos, senón fomentar o seu crecemento como persoas, a súa responsabilidade individual e a súa capacidade de resposta ante a realidade social e laboral na que terán que moverse na súa vida adulta.

Que logramos ao regalar un título a un alumno que non supera as materias? Enganalo sobre o seu nivel de preparación e con iso pecharlle as portas do futuro, á vez que transmitimos ao resto dos seus compañeiros a mensaxe de que dá o mesmo traballar día a día que baixar os brazos. Esta situación debería facernos reflexionar. Que nun mundo globalizado e competitivo se considera detestable e anticuado actitudes como o esforzo, o afán de superación, a loita por alcanzar metas que custan, o aprender a recomenzar despois dun fracaso. Prémíase a mediocridade e rexéitase a busca da excelencia, moitos dirán que soa rancio, é a crúa realidade. Pretendemos sacar todas as dificultades aos nosos rapaces/as, que non teñan obstáculos, que non sufran, que fagan sempre o que queiran e que nunca abandonen a súa zona de confort e comodidade. Criamos rapaces de cristal que non

O RECUNCHO DE CANELINA




poden nin saben como enfrontarse aos problemas que atopan no seu día a día. As continuas facilidades, e a pouca esixencia na escola e fóra dela fan que moitos deles cheguen a Universidade, aos seus primeiros traballos, sen as competencias máis elementais para enfrontarse con garantías á vida adulta.

É urxente educar con intelixencia emocional, ensinarlles a ser resilientes, a enfrontarse e resolver os conflitos, a asumir responsabilidades, a recoñecer o traballo duro e a forza de vontade en levalo adiante. Falarlles de soños e metas, pero tamén do traballo necesario para acadalas.

O París baixo terra

CULTURA



Rebeca Maseda

Este verán París é a capital do planeta como sede dos Xogos Olímpicos 2024 e deixárono ben clariño coa espectacular cerimonia de inauguración celebrada o pasado venres 26 de xullo. Certo é que existen tantas opinións como persoas neste mundo, pero creo que hai poucas almas que poidan negar a beleza e “charme” da Cidade da Luz. A realización televisiva que retransmitiu a cerimonia permitiunos desfrutar dalgúns planos únicos da cidade, coas súas xoias arquitectónicas e o río Sena como liña condutora dun paseo máxico con pincladas de deporte e arte a partes iguais.

Pois ben, París esconde outra faciana profunda e escura: desde os túneles prohibidos ata as lendarias catacumbas. Os monumentos míticos, as igrexas sublimes e os sitios icónicos de París foron creados a

partir de pedra calcaria escavada nun vasto labirinto de canteiras subterráneas desde a Idade Media. Abandonados co tempo, os túneles esténdense case 300 quilómetros e o seu acceso está estritamente prohibido. Con todo, os chamados “cataphiles” -ou exploradores urbanos- non poden resistir a tentación de entrar no subsolo a través de sumidoiros e accesos secretos. As historias convertéronse en lendas: as vellas canteiras e as súas paredes marcadas con grafitos, acolleron discotecas nocturnas, espectáculos de arte ilícitos e cinemas secretos.

A palabra “cataphile” toma o seu nome das catacumbas, unha parte das canteiras en desuso que alberga un dos maiores osarios do mundo. Esténdense por case un quilómetro baixo o Distrito XIV ao sur de París e conteñen os restos duns seis millóns de parisienses. Como é o único lugar legal para explorar os túneles, é unha atracción turística popular.

As orixes de Les Catacombes de París remóntanse a un dramático incidente sucedido en 1774: un



sumidoiro mergullou casas nunha rúa preto da actual Place Denfert-Rochereau. A rede de canteiras situada debaixo da capital era inestable e estaba en perigo de colapsar. Para evitar máis calamidades, o rei Luís XVI nomeou ao arquitecto Charles-Axel Guillaumot inspector de canteiras para mapear e garantir a seguraza das galerías en 1777. Desgraciadamente uns anos máis tarde, un macabro espectáculo tivo lugar na Rue de Lingerie. Un muro

de contención colapsou xunto ao Cimetière des Innocents, asolagando unha adega veciña cos cadáveres en descomposición dunha fosa común. De feito, o maior cemiterio de París -unha importante zona de enterramento desde o século X- estaba desbordante de cadáveres. Insalubres e superpoboados, os cemiterios da cidade foron condenados e o rei ordenou que se construísen outros fóra de París. Os corpos foron exhumados e trasladados ao seu novo lugar de descanso subterráneo, inspirado nas catacumbas de Roma. No subsolo, os traballadores do inspector xeral organizaron as caveiras, tibias e fémures en paredes ordenadas. Placas gravadas indicaban o cemiterio de orixe e a data de transferencia dos ósos.

As Catacumbas de París non abriron aos visitantes ata 1809. A entrada á necrópole está marcada coas palabras: “Arrête! C’est ici l’empire da morte – Detéñase! Este é o imperio da morte.” O asunto é que as Catacumbas estaban tan de moda que os

emperadores Francisco I de Austria e Napoleón III visitáronas, e en 1897, unha gran multitude asistiu á interpretación de cancións como a Marcha Fúnebre de Frédéric Chopin por parte dunha orquestra. O afamado fotógrafo Gaspard-Félix Tournachon, coñecido como Nadar, experimentou alí coas primeiras fotografías creadas con luz artificial durante un período de tres meses en 1861. Así mesmo, científicos realizaron investigacións sobre a flora e fauna que prosperaba na escuridade e o naturalista Armand Virei descubriu crustáceos trogloditas nos túneles.

“En condicións adecuadas, os ósos poden conservarse durante moito tempo. Con todo, seguen sendo fráxiles”, di Isabelle Knafou, administradora xeral do sitio. Para garantir a sustentabilidade das Catacumbas, un proxecto de restauración a gran escala comezou no outono de 2023 e unha nova experiencia de visita turística será presentada en 2026, así que haberá que volver axiña. París, cidade da luz pero tamén da escuridade, realmente fascinante...

DEPUTACIÓN

Rueda e Tomé achegan posturas en temas sociais e de turismo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, reuniuse co presidente da Deputación, José Tomé, con quen acordou impulsar a colaboración entre ambas dúas administracións en materia de infraestruturas, servizos sociais, emerxencias e turismo.

Así o explicou nunha rolda de prensa tras a reunión, que cualificou de “constructiva e operativa, na que avanzamos en moitos asuntos”. Con esta xuntanza, remata a rolda de contactos que o titular do Executivo galego comezou o mes pasado co obxectivo de sentar a falar co presidente da Fegamp, cos das catro deputacións e cos alcaldes das grandes cidades cos que non se tiña reunido: Lugo e Vigo.

“É a primeira vez en cinco anos que levo á fronte da Deputación que me reúno co presidente da Xunta. Son encontros que serven para falar, propoñer os diferentes puntos de vista e buscar solucións. Agardo que estas reunións continúen, eu mesmo convidei a Alfonso Rueda a continuar con estas reunións de traballo no Pazo de San Marcos. Ao remate do encontro o Presidente da Deputación entregoulle a Alfonso Rueda como agasallo institucional un exemplar do libro Proxectos para o Hospital de Isabel II, o Instituto de 2ª Ensinanza e a Deputación.

O mandatario provincial e o titular da Xunta acordaron crear grupos de traballo para abordar a transferencia de infraestruturas viarias entre administracións, tendo en conta que a Deputación de Lugo é a que administración provincial que máis quilómetros ten, máis de 4.200km.



En relación á Ronda Leste, Tomé propúxolle a Rueda que a Xunta declare este proxecto como unha obra de interese supramunicipal, ademais de poñer sobre a mesa un trazado alternativo que non afecte ás masas arbóreas nin ao leito e contorna do río Rato, conectándose directamente coa N-VI na gasoleira do Miño.

ESTRADAS. En canto á estrada do Courel, a LU-651, Tomé Roca urxiulle a Rueda o arranxo integral da vía e que se axilice a reparación do treito que se derrubou. O titular da Xunta comprometeuse a licitar este ano esas obras de reparación do treito que se derrubara e darlle continuidade ás obras para “que os cidadáns desta zona da Montaña teñan unha mellor comunicación da que teñen, así que estaremos vixiantes para que se cumpra coa palabra dada”.

Pola súa banda, pediulle a reactivación da VAC Costa Norte, dándolle prioridade á variante de Viveiro “para sacar esa cantidade de tráfico que hoxe atravesamos a diario por esta cidade”. Tomé comprometeuse, así mesmo, pedirle ao Goberno do Es-

tado axilizar a autovía A-74.

Tamén en materia de infraestruturas, o Presidente demandou que se desdobre a autovía Nadelá-Monforte pola súa importancia social. “Rueda amosoume o seu compromiso de traballar nese sentido, dando debido cumprimento ao acordo unánime do Parlamento de Galicia, coa intención de facer chegar esta autovía ata Monforte, algo que resultaría moi beneficioso para a zona sur da provincia”.

Tomé trasladoulle, así mesmo, a súa preocupación polo estado da sanidade pública e sobre o Servizo de Axuda no Fogar coincidiron en que os concellos están asumindo forte cargas orzamentarias para este servizo. Tamén trataron temas máis locais como o campus de Lugo, a creación dun Plan Industrial para Galicia que inclúa melloras para o Porto Seco. Tamén acordaron analizar o financiamento do Consorcio Provincial de Bombeiros da Provincia de Lugo para que se faga dun xeito semellante a Ourense e Tomé pediu acordo entre a Xunta e a Fegamp para a distribución do canon da auga.

O Pleno reclama á Xunta un plan integral de atención sociosanitaria

A Deputación de Lugo reclamará á Xunta de Galicia o deseño dun Plan Integral de Atención Sociosanitaria que garanta o acceso aos servizos sanitarios das persoas maiores e das persoas dependentes, tanto do medio urbano como do rural, residan nos seus domicilios ou en establecementos vencellados á rede asistencial pública ou privada. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de xullo, tras a moción presentada polos socialistas, que foi aprobada por unanimidade cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, explicou que o cambio que propón facer a Xunta ao decreto que regula as condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a maiores “ten un carácter lesivo para os centros de menor tamaño” -como os que compoñen a rede da Deputación- porque a ratio de persoal de enfermería con que obriga a contar resulta máis custoso para os centros pequenos que para os de carácter masificado que propón o Executivo autonómico.

O texto da moción aprobada reclama ademais que o Plan garanta o acceso á carteira de servizos sanitarios de todas as persoas usuarias dos centros da rede asistencial a maiores -residencias, fogares asistenciais ou vivendas comunitarias- de xeito que non se produ-

zan situacións de desigualdade en función da tipoloxía do centro, do seu tamaño o do seu tipo de xestión. Inclúen ademais a demanda do reforzo inmediato dos servizos sanitarios do rural, especialmente no que fai referencia a Atención Primaria; e o reforzo do persoal de enfermaría, así como dos medios materiais necesarios para garantir a atención ou traslado a centros sanitarios dos maiores usuarios de residencias sempre que o precisen. O Pleno tamén sacou adiante outra moción do PSdeG para reclamar á Xunta de Galicia que anule a suba do canon de recollida de lixo anunciada por Sogama o pasado mes de xuño aos concellos. A iniciativa saíu adiante cos votos a favor dos socialistas e do BNG e coa abstención do PP.

EDUCACIÓN. A iniciativa do BNG, e pese ao voto en contra do PP, o pleno provincial reclama á Consellería de Educación que respecte os ratios que estableceu e suspenda os agrupamentos e recortes de persoal previstos nos colexios da Fonsagrada, Alfoz, Baleira, Bóveda, Ribas de Sil, Sober, Bóveda ou Pantón, onde as ANPAS se están mobilizando para manter a calidade.

Tamén durante o último Pleno o alcalde do Incio, Héctor Manuel Corujo González, tomou posesión como deputado provincial do PP en substitución de Carmen José López Pérez.

Captan fondos europeos para a modernización dos padróns

A Xunta de Goberno da Deputación aceptou un investimento de máis de 1,2 millóns de euros de Fondos Europeos para desenvolver un novo proxecto que servirá para a modernización dos padróns municipais da provincia. Así o informou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen explicou que o Ministerio de Política Territorial comunicou a súa decisión de conceder á institución provincial 1.260.000€ para desenvolver o proxecto Xeopadrón.

Rivera Capón indicou que estes fondos, que forman parte do Plan

de Recuperación, Transformación e Resiliencia habilitado polo Goberno do Estado, beneficiarán aos 67 concellos da provincia e permitirán seguir mellorando o funcionamento dos propios Concellos e prestar así un mellor servizo público aos veciños e veciñas.

“O que imos levar a cabo con esta importante dotación económica é a revisión en profundidade da información que o Instituto Nacional de Estatística ten en cada concello sobre os habitantes empadroados e as súas vivendas”, detallou. “En concreto, poñeremos en marcha un novo

sistema de xestión da información sobre os territorios de ámbito municipal, revisando os datos do padrón que ten cada concello e contrastándoos cos que dispón o Instituto Nacional de Estatística (INE). Deste xeito, o INE contará cunha información depurada, contrastada, veraz e actualizada en relación aos habitantes de cada municipio”, avanzou o Deputado.

Nas súas palabras destacou que “a concesión desta axuda económica vén a demostrar a capacidade que temos dende a Deputación de Lugo para conseguir fondos da Unión Eu-



ropea”. Lembrou que actualmente a institución provincial ten en marcha diferentes proxectos grazas a que captou máis de 4M€ deste mesmo plan para o programa Impulsa TIC, co que “levamos a cabo actuacións tan relevantes como integrar a administración electrónica dos concellos cos servizos da Administración Xeral do

Estado, implantar postos de traballo intelixentes que permiten mellorar a resiliencia dos municipios, crear oficinas de asistencia en materia de rexistro, implantar un sistema de gravación nos plenos dos concellos da provincia, ou mellorar a accesibilidade das páxinas webs municipais, aumentando así a transparencia”.

MAR

Saúde Mental A Mariña desenvolve 'Conecta co Mar. O mar é vida'

A Asociación Saúde Mental A Mariña está a desenvolver dende o mes de xuño o proxecto 'Conecta co Mar. O mar é vida'.

Este proxecto contempla a realización de actividades vinculadas ao coñecemento e posta en valor do patrimonio cultural marítimo pesqueiro e de sensibilización e coidado do medio mariño, a través da cultura marítima para incrementar o benestar psicolóxico e social das persoas con enfermidade mental, achegándoas dunha maneira activa e consciente ao mundo do mar. "Pretendemos utilizar o patrimonio cultural das zonas pesqueiras para a atención e coidado da saúde mental, especialmente para a prevención do suicidio, aumentar o coñecemento do patrimonio cultural na zona pesqueira do Galp A Mariña- Ortegal, conseguir e manter a estabilidade clínica das persoas con enfermidade mental e aumentar a sensibilización e o coidado do medio mariño", explican.

Para elo, o proxecto contempla tres tipos de actividades diferentes: Un

mar de diversión integración e cultura, onde se encadran actividades orientadas a disfrutar dun tempo de ocio activo e saudable que axude a eliminar pensamentos autolíticos e a sentirse produtivos; un mar de saúde, con actividades vinculadas ao coidado do mar, á sensibilización medioambiental e ao coidado da propia saúde; e un mar de coñecemento, con actividades vinculadas ao coñecemento das Confrarías de Ribadeo, Burela e Celeiro e das redeiras de Burela, así como de aspectos de interese ao longo da historia vinculados co mundo do mar.

O proxecto 'Conecta co Mar. O mar é vida' conta cunha axuda da Consellería do Mar ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobada polo Galp A Mariña Ortegal, pola que se establecen as bases reguladoras para concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura 2021-2027.



Villares, destaca en Burela as convocatorias de axudas aos GALP

O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, destaca en Burela que as dúas convocatorias de axudas aos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) publicadas neste novo período Fonda Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) poñen a disposición destas entidades ata 2026 case 38 millóns de euros para impulsar a actividade pesqueira.

O 31 de xaneiro publicouse no DOG

unha nova convocatoria no marco do FEMPA para este exercicio mediante Orde do 28 de decembro de 2023 cun orzamento de 19,5 millóns de euros distribuídos nas seguintes anualidades: 8,5 millóns en 2024; 5,9 millóns en 2025 e 5,1 en millóns en 2026.

As 35 principais firmas pesqueiras da comarca facturaron 327 millóns de euros e xeran preto de 600 postos de traballo.

A Federación de Confrarías de recibirá unha da Deputación

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o presidente da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo, José Basilio Otero Rodríguez, asinaron un convenio de colaboración a través do que a institución provincial achega á entidade 24.000 euros para colaborar co funcionamento interno da Federación e cunha campaña de divulgación sobre a pesca na Mariña.

Este acordo, que foi asinado na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos, ten por obxectivo primordial a promoción das tradicións mariñeiras e a concienciación social sobre os diferentes tipos de buques pesqueiros que operan na zona, incluíndo os de pesca artesanal, litoral, altura e gran altura.

A campaña incluír diversos materiais informativos e divulgativos, como carteis, pezas audiovisuais e folletos, que explicarán as partes principais dos buques e os seus nomes mariñeiros tradicionais. Ademais, seguiranse a realizar as visitas



ao porto con institutos da comarca e de toda a provincia, que están a ter unha grande acollida para chegar as novas xeracións o importante labor pesqueiro.

José Tomé Roca destacou que esta achega é unha mostra do forte compromiso da Deputación de Lugo co sector pesqueiro, subliñando "a súa relevancia histórica, cultural e económica para a Mariña, así como o seu impacto cultural, e o volume económico e emprego que xera".

Así mesmo, o presidente valorou o

traballo que leva a cabo a Federación porque "é fundamental para que tanto as embarcacións de altura, de gran altura, litoral e baixura poidan realizar o seu traballo traendo a porto un produto de máxima calidade e identidade na nosa provincia".

A Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo engloba ás confrarías de Ribadeo, Foz, Burela, San Cibrao, Celeiro e O Vicedo, as seis que actualmente se atopan na provincia.

Rematan en outubro a modernización da nave do porto de Celeiro

A Xunta de Galicia prevé rematar no mes de outubro as obras de modernización da nova nave de preparación e envasado de produtos pesqueiros do porto de Celeiro, ás que destina 1,2 millóns de euros. Así o anunciou este martes o conselleiro do Mar, Alfonso Villares, durante a visita realizada ao peirao viveirense, e na que estivo acompañado da directora territorial de Mar, Mariña Gueimunde. Trátase dunha actuación que está financiada nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEMPA).

O 30 % restante corresponde a fondos propios da Consellería. Segundo destacou o titular de Mar, logo de supervisar o inicio dos traballos de construción, a nova dotación está destinada a afianzar e valorizar os produtos da zona, contribuíndo de xeito paralelo ao incremento do consumo de pescado dunha maneira máis sinxela e rápida, e con prezos atractivos para o consumidor. Os traballos

inclúen así, a adaptación da nave existente, ademais do acondicionamento de aseos, vestiarios, chans, paredes ou a redistribución de zonas e de salas.

O obxectivo é aumentar o valor engadido da industria da zona e cadea comercial, garantindo a súa permanencia no tempo e a do ámbito socioeconómico tanto directo como indirecto que leva asociado pois, na actualidade, nin Celeiro, nin as zonas colidantes dispoñen de dependencias para o procesado de peixe. Con esta modernización e acondicionamento, todos os traballadores tamén se verán beneficiados, xa que disporán dunhas mellores instalacións e, polo tanto, obterán unha maior calidade dende o punto de vista laboral e de seguridade.

Asemade, outro dos beneficios desta iniciativa é dar visibilidade aos produtos capturados pola frota da zona, que cumpren con todos os estándares de calidade e de sustentabilidade.

Os socialistas de Xove critican a falta de mellora ambiental no litoral da zona

O Grupo Socialista de Xove congratúlase pola bandeira azul que o Goberno local izou na praia de Esteiro pois trátase dun sinal de identidade tanto paisaxística como medioambientalmente, que axuda a achegar turistas e a asegurar a calidade para que os veciños tamén se acerquen. Porén, pregúntanse o motivo polo que a praia de Portocelo e tamén a de Moras e Lago non poden ter este distintivo, cuestión que trasladarán no vindeiro pleno.

Esta pregunta enlaza coas propostas feitas en plenos anteriores, xa que aseguran que no litoral costeiro de Xove "nada se fixo en materia de mellora ambiental e nada se fixo en materia de saneamento". O que máis lles preocupa é que o alcalde "aposta polos pozos negros e rexeita de pleno dotar esas zonas (Esteiro, Portocelo, Lago) dunha rede de saneamento coas correspondentes depuradoras".

Dende os socialistas consideran "totalmente negativo apostar por unha política de contaminación en zonas que se están desenvolvendo turisticamente".

Ribadeo fixo unha homenaxe aos patróns maiores da Confraría

Ducias de persoas asistiron en Porcillán á sentida homenaxe aos patróns maiores da Confraría de Pescadoras de Ribadeo. Comisión organizadora, Concello e pósito foron os encargados do acto, no que se descubriron un mural pintado por Joseba e unha placa cos nomes de todos os responsables da confraría ribadense.

O primeiro en intervir foi o actual patrón maior, Javier Martínez, que moi emocionado lembrou a todos os seus antecesores: “quero facer un recoñecemento público a todas as persoas que nun momento determinado tiveron a oportunidade de ser patróns maiores polo seu compromiso co sector pesqueiro, polo seu enorme traballo e polo seu bo facer ao longo de todos estes anos”. E tamén aludiu ás compañeiras e aos compañeiros que xa non están “polo seu legado de compañeirismo e amizade”.

Jesús Puelles, membro da comisión organizadora, contou as lembranzas de moitos anos dedicados ao mar así como a relación que mantivo cos patróns maiores e con coñecidos mariñeiros de Ribadeo. Dixo que a fortaleza é a palabra que define ao sector e tivo palabras de lembranza e recoñecemento para as mulleres dos mariñeiros e para as mariscadoras de Ribadeo.



Para o alcalde, Daniel Vega, “é importante que este acto se faga nas festas do Carme. O sector primario tivo momentos grandiosos, agora non tanto, pero sigue representando moito en Ribadeo desde o punto de vista económico, pero quedádevos sobre todo co punto de vista humano e sentimental”.

O rexedor dixo: “é importante o recordo a un sector que foi grande e ten que seguir sendo grande. Sentimento, sector e honra. Iso pode ser a conclusión deste acto. E eu tamén quero recordar a Jesús, a Pedro, a Roberto e a gran Laura, porque cando viñeron ao Concello non viñan pedir, senón que viñeron dicirnos que querían honrar aos patróns maiores, darlles as grazas e recordalos por sempre cunha placa e cun mural e iso emocionoume”. E

engadiu: “grazas a todos, o acto de hoxe queda sinalado no calendario, sentídevos orgullosos de pertencer a un pobo grande, que se chama Ribadeo”.

Foron patróns maiores da Confraría de Pescadores de Ribadeo: José Ramos, José López, Antonio Pérez, Secundino Balsa, José Domingo Rajal, Domingo Fernández, Celia Pacio, José Luis García, José Ángel Redondo e Javier Martínez, o actual.

Ao acto ambientado por un piano asistiron, entre outros, a directora provincial de Pesca da Xunta, Mariña Gueimunde, as concelleiras de Seguridade, Turismo e Benestar Social, Montse Seijo, Marta Saiz e Elena Sierra, o presidente do Real Club Náutico de Ribadeo, Pablo González, así como familiares e amigos das persoas homenaxeadas.



Arranca a XXXIV Semana Náutica ribadense con actividades ata o día 20

Ribadeo é escenario da XXXIV Semana Náutica, que organiza o Real Club Náutico de Ribadeo. Vaise desenvolver ata o vindeiro 17 de agosto e as inscricións pódense realizar na oficina do club cun tempo mínimo de 2 horas antes da regata. O sábado 3 tivo lugar o XI Trofeo Mar Cantábrico Ribadeo, a partir das 11.00 horas e o domingo foi a quenda do V Trofeo Ría de Ribadeo pola mañá e do XXVI Trofeo Deputación de Vela Tradicional.

A cita continuou o martes 6 cunha xornada educativa sobre a protección do fondo mariño no club de actividades subacuáticas Illa Pancha a partir das 11.30 horas. Pola tarde, organizouse o XIII Trofeo Acisa a partir das 17.30 horas.

O mércores volven as probas cos bautismos de buceo da CAS Costa Norte de Lugo aos que se poden anotar os interesados ata o 6 de agosto. Despois desta proposta, que se celebrará ás 16.00 horas, poñen en marcha o XXV Trofeo Paradores.

O venres 9, dende as 17.30 horas, os asistentes poderán gozar do XVIII Trofeo RCN de Ribadeo Semana Náutica e o sábado 10 será o XXV Trofeo Concello de Ribadeo. O día 11 será o II Trofeo Fergil Auto e o 14 o XIII Trofeo Abanca. Travesía a Tapia. O concurso de pesca e a entrega de trofeos serán o sábado 17. Tamén programan o martes 20 a Zalea a Abres para a que as inscricións permanecen abertas ata o 18 de agosto.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
Concello: 982 55 80 01
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
Concello: 982 12 40 02
Garda Civil: 982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
Concello: 982 58 60 00
Policía Local: 982 58 62 11
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
Concello: 982 55 77 77
Policía Local: 615 52 10 52
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
Concello: 982 14 00 27
Policía Local: 982 13 36 40
Garda Civil: 982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
Concello: 982 12 10 06
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
Concello: 982 52 40 03
Policía Local: 982 50 70 40
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUROL
Concello: 982 55 91 09
Garda Civil: 982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
Concello: 982 34 22 77
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
Concello: 982 12 86 50
Policía Local: 982 12 86 50
Garda Civil: 982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
Concello: 982 13 50 11
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
Concello: 982 57 40 00
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
Concello: 982 59 00 02
Garda Civil: 982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
Concello: 982 56 01 28
Policía Local: 982 56 29 22
Policía Nacional: 982 56 17 11
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
Concello: 982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062

www.amariñaxa.com

DEPORTES

A VI Carreira Nocturna Rinlo-Ribadeo suma máis de 270 inscritos

Xa hai máis de 270 inscritos para participar na VI Carreira Nocturna Rinlo-Ribadeo. O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, explica que “este evento deportivo terá lugar o 17 de agosto. A categoría de cativos desenvolverase ás 20 horas no parque de San Francisco, os infantís e cadetes saíran ás 21.30 horas desde o faro, e a carreira absoluta partirá ás 21.45 horas desde Rinlo. Nestes momentos hai máis de 270 inscritos e agardamos incrementar esa cifra ao longo dos vindeiros días”.

O edil subliña que “esta carreira é de grande importancia tanto a nivel deportivo como turístico, xa que discorre grande parte polo litoral ribadense. Os participantes poderán gozar dunhas vistas envidables”. A VI Carreira Nocturna está organizada polo Club Atletismo Ribadeo, coorganiza a Secretaría Xeral para o Deporte e colaboran o Concello de Ribadeo e a Deputación.

Na presentación da Carreira Nocturna Rinlo-Ribadeo participaron o alcalde, Dani Vega, o concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, o director territorial de Deportes, Manuel Otero, o técnico municipal de Deportes, Iván López, así como representantes da organización e dos patrocinadores.

Publicada a resolución de premios para deportistas individuais

O Boletín Oficial da Provincial publicou a resolución provisional dos premios a deportistas individuais da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, cun investimento total de 100.000 euros.

230 deportistas figuran na resolución provisional das bolsas, que oscilan entre os 300 e os 2.500 euros e que teñen como obxectivo apoiar a mellora e perfeccionamento de deportistas de modalidades individuais, ata os 35 anos.

Na avaliación das solicitudes, valoráronse os resultados deportivos acadados en probas e campionatos na respectivas categorías -desde campionatos mundiais e europeos ata galegos e provinciais - ao longo de 2023, de acordo cos baremos establecidos nas bases.

A resolución está publicada no BOP do sábado 22 de xullo.



Xove premia nunha gala aos mellores deportistas do concello

Celebrouse en Xove a Festa do deporte organizada polo departamento de deportes do Concello, acto que pon fin a temporada 2023-24. Nela participaron gran parte dos deportistas que pertencen ás asociacións e clubs de Xove. Para este evento tamén estiveron presentes Demetrio Salgueiro, alcalde do Concello de Xove, Cristina Iglesias, concelleira de Deportes e Xuventude, e as concelleiras Dolores Meitín, Cecilia Duarte e Tamara Soto.

Fíxose entrega dunha medalla a tódolos participantes e aproveitamos para homenaxear a aqueles que acadaron podio nas diferentes competicións oficiais dos distintos deportes practicados. Os galardoados foron o Equipo cadete da SD Xove FS cam-

pión Liga Autonómica. Equipo Senior da SD XOVE FS Playoff Ascenso a segunda división nacional. Equipo prebenxamín de fútbol sala da ACD Xove quedou subcampión provincial e campión da Liga de A Mariña. Equipo Benxamín de fútbol sala da ACD Xove proclamouse campión da Copa de A Mariña.

Tamén foron galardoados os equipos de primaria e secundaria de patinaxe artística da ACD Xove, Paula Fernández e Sabela Cereijo campioa e subcampioa provincial de duatlón, así como Iago Sánchez campión provincial de Bádminton. En natación Rubén Antón, Luis Riveira, Hugo Otero, Enma Buján, Erín Augusti, Iago Pérez, Emilia Barro, Sabela Ramos, Enol Valdés, Xavi Isasti, Esmeralda Cuba, Sabela Be, Pilar Vázquez, An-

selmo García, Víctor Míguez, Bruno Oroza, Andrea Alvite e Juanma Ferro foron os galardoados; mentras que en Bolos foron Miguel López, Ginés Rodríguez, Julia López, Belén Meitín, Carmén Roca, Marcelino Rodríguez, Cristian Rodríguez e Javier Rodríguez.

Dende a organización deuse as grazas as directivas, adestradores e delegados por fomentar a práctica deportiva entre a veciñanza. Así como a aposta dende o Concello por fomentar todo tipo de práctica deportiva para todas as idades, organizando infinidade de actividades ao longo de todo o ano e construíndo e mellorando novas instalacións deportivas de acordo á actualidade e demandas dos veciños e veciñas.



Viveiro, escenario da VIII Carreira Popular en homenaxe ao atleta Adrián Ben

O Concello de Viveiro acollerá o día 8 de agosto, xoves, a VIII Carreira Popular de Viveiro #TodosConAdry, que servirá para homenaxear ao atleta Adrián Ben no marco das Olimpíadas de París 2024. O día 8, desde ás 20.00 horas na praza Maior, celebraranse as carreiras nas categorías Pitufo (2017 e posteriores); Sub10 (2015-2016); Sub12 (2013-2014); Sub16 (2009-2010); Sub14 (2011-2012), e Absoluta (2008 e anteriores).

A alcaldesa, María Loureiro, convidada á veciñanza “a participar neste evento, que conta con categorías para todas as idades co obxectivo de promover o deporte para toda a familia”. Loureiro quixo desexar “todos os éxitos a Adrián Ben nesta nova cita olímpica, na que de seguro fará, como sempre, unha actuación espectacular”. Os interesados poden solicitar máis información na web e facer as inscricións a través de cconorte.

Continúa a segunda quenda do Campus do Atlético de Madrid



Ata o sábado 10 de agosto ten lugar en Ribadeo a segunda quenda do cuarto Campus do Atlético de Madrid no que están a participar 170 nenas e nenos. Os concelleiros de Deportes e Atención Cidadá, Francisco José Silvent e Montse Seijo, despediron ás rapazas e rapaces que participaron na primeira quenda.

Esta tivo lugar do 29 de xullo ao 3 de agosto. Os edís agradecéronlles o seu paso por este campus de fútbol, animáronos a seguir na práctica deportiva e a loitar para cumprir os seus soños. O Atlético de Madrid fíxolles entrega dun diploma e dun agasallo pola súa asistencia ao campus.

Uns 56 participantes citáronse no V Torneo de Tenis de Mesa Concello de Cerro



Celebrouse o V Torneo de Tenis de Mesa Concello de Cerro, no Pavillón da Veiga, da man do Club deportivo San Ciprián, coa colaboración do Concello. En total foron 56 os participantes procedentes de toda Galicia, Asturias, Madrid, Castela a Mancha, Portugal e Xénova. Venceu Braulio Gayoso do CTM Toledo, seguido por Luis Azevedo do Breogán Oleiros TM,

Eugenio Alonso do CD San Ciprián e Ricardo Ferreiro do CTM Milagrosa.

A muller con maior puntuación foi Jaqi Guo Cheng do Club De Mar TM e os participantes máis novos foron Jiaming Guo Cheng de 8 anos e Iker Azevedo de 7 anos. Entregaron os trofeos a alcaldesa, Dolores García Caramés, e os concelleiros Alfredo Fernández e Adrián Arias.

“Veñen participantes de Galicia, de España e do estranxeiro”

O Club Atletismo Ribadeo organiza a Carreira Nocturna Rinlo-Ribadeo

Lucía Blanco

A Carreira Nocturna Rinlo-Ribadeo é unha das citas consolidadas no calendario do Club Atletismo Ribadeo, que leva encargándose da proba dende os seus inicios. Na competición, que celebra a súa sétima convocatoria o sábado 17 de agosto, volverán converxer deporte, cultura e a defensa polo propio. “A absoluta son 9 quilómetros e sae de Rinlo ata o concello de Ribadeo. Os nenos fana arredor do parque de San Francisco. A categoría pitufo son 60 metros; prebenxamín, 150; benxamín, 350; alevín, 600 e infantil e cadete son 2,5 quilómetros”, conta Ana María Ferradás da directiva do club.

Como botou a andar?

Levámola facendo dende os seus inicios, dende o 2007. Ultimamente facémola en Santa Cruz, pero para que a xente se puidera achegar máis, para que fora máis vistosa e máis asumible, porque no asfalto corre todo o mundo, ocorréusenos organizala dende Rinlo, que tamén é unha vila moi fermosa e con moito tirón turístico, a Ribadeo.

As distintas categorías permiten que sexa unha carreira para toda a familia.

Iso é precisamente un dos obxectivos. Queremos que sexa unha proba na que teña cabida todo o mundo, tanto para quen a fai por simplemente polo pracer de correr un pouco, como o que lle interesa facelo de xeito máis habitual, como o que vén a pasar un rato coa familia.

Cal é a filosofía da carreira?

O principal obxectivo é fomentar o deporte e os valores que ten implícito e ter uns hábitos saudables. Outra

peculiaridade é que non damos premios en metálico, damos produtos propios da zona. Os primeiros levan 3 quilos de percebe, os segundos levan unha cesta de produtos ecolóxicos e tamén damos vales para cear para que coñezan a nosa gastronomía. Queremos promocionar o noso produto e dar premios baseados na gastronomía, ademais de dar os trofeos.

Outra das singularidades é que querren vencellar o deporte coa cultura. Como o fan?

A todos os nenos dámoslles un libro de contos. Queremos que o noso evento teña moita amplitude en todos os aspectos. Porque correr non está enfrontado con ler, con defender o noso e con promocionar a nosa cultura. Intentamos recoñecer aos pícaros, sobre todo nestes momentos nos que están tan en contacto coa tecnoloxía e desde que nacen xa teñen un móbil nas mans. Ademais máis aló de agasallar cunha camiseta que é o típico, tamén damos un frontal porque como de noite por lei hai que levar luz para que non haxa desculpas.

Dende o club tamén pretenden que todos os corredores se sintan campións.

Non nos queremos centrar só nos gañadores, senón que queremos que todos se sintan que son vencedores da carreira, que cando entren pola meta se sintan igual que o primeiro. Somos conscientes de que os últimos fan moito máis esforzo e pásano peor que os que chegan primeiro que teñen as calidades para facer ese tempo. Como eu lle digo sempre aos nenos, unha carreira

para tres non se fai, senón vimos os de atrás non teñen protagonismo os tres primeiros.

Como van as inscricións?

O ano pasado foron case 500, aínda que en realidade foron máis porque unha cousa é a inscrición e outra distinta os que rematan a proba. Este ano xa van máis de 270 inscritos. Para a categoría absoluta van ben, pero nas dos nenos temos menos participación polo momento. Tamén moitas veces agardan cara ó final.

Ano tras ano reúnen participantes de todos os puntos da comunidade.

De Galicia, de todo estado e do estranxeiro. Ao ser en agosto aquí duplicamos a poboación, entón hai moita xente de fóra e de distintos puntos de España que aproveita. A maioría dos que veñen de fóra da comunidade son asturianos, pero tamén hai moitos cataláns e madrileños. Nós somos un club moi participativo, imos por todo o estado e tamén nos coñecen.

É difícil manter unha proba destas características edición tras edición?

A nosa intención é mantela, pero unha carreira dá moito traballo e moito gasto porque hai que pagar, por exemplo, moitas taxas.

Hai moita afección por este deporte na Mariña?

Cada vez medra máis na Mariña e en xeral. Nós por desgraza non somos o lugar no que máis hai, pero aumentou moito o afeccionado en todos os clubs. E tamén estamos a acadar éxitos a nivel federativo. Somos amateurs, pero a nosa canteira colle máis forza e somos capaces de ir aos campionatos e estar como están os de arriba. Centrándonos nas



porcentaxes, temos máis éxitos que algún club que está en división de honra.

Que supoñen estes resultados?

É un orgullo. Fundamentalmente a maioría somos veteranos, entón o que máis nos enche de orgullo é que a canteira que temos destaca moito e chegue a onde están outros con moitísimos menos medios. Somos

un club popular, usamos as instalacións da vila e non temos pista nin ximnasio, adestramos nunha pista de terra de 300 metros que fixemos nós. Por exemplo, temos unha rapaza que ten 16 anos e xa foi dúas veces ao campionato absoluto galego e temos que ir con ela a Navia porque aquí non hai pista e Xove aínda nos queda máis lonxe.

EN BREVE



Cervo foi escenario das Noites de fútbol praia 3x3 na Praza dos Campos. Organizaron 5 categorías e finalmente Fari Play Team, Los Toros Negros e Los del barrio foron os primeiros clasificados en Sub 10; Fair Play, Madrileños e Delincuentes, en Sub 12 e Reversos, SD Plebeyos e SD Flautistas, en Sub 15. Pola súa parte, Mestre de la Forte, SD Cici e Castrón FC foron os gañadores en Sub 17 e Joga Bonito, Pretus Fixi e Slotears, en categoría sénior. A todos eles entregáronselle as súas medallas

Ribadeo acolleu o Torneo U18 das seleccións de baloncesto feminino

Máis de 2.000 persoas asistiron ao Torneo Internacional que disputaron as seleccións de baloncesto feminino U18 de Croacia, Polonia, Hungría e España entre o 18 e o 20 de xullo no pavillón municipal de Ribadeo, mentres que outras 3.000 persoas seguiron as retransmisións vía streaming. O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, subliñou: “Estamos moi contentos de recibir en Ribadeo un verán máis á selección española de baloncesto feminino U18. Na nosa vila contamos cunhas instalacións deportivas de primeiro nivel que nos permiten acoller esta tipo de eventos deportivos: concentracións e torneos internacionais, como os que



a selección española ven de disputar do 18 ao 20 de xullo coas de Croacia, Polonia e Hungría”. Silvent engadiu: “Ribadeo é unha vila que vive de xeito especial o baloncesto,

grazas ao traballo que realiza o CB Ría de Ribadeo, club co que desde o Concello estamos a colaborar. Grazas ás seleccións que participaron neste torneo internacional”.

DE RUTA EN RUTA

Ruta Natural do Cantábrico: de Viveiro ao Vicedo

A sexta etapa permite achegarse ás praias de Covas e Abrela e visitar O Cargadoiro e O Fuciño do Porco

A sexta etapa do Camiño Natural da Ruta do Cantábrico comeza no municipio de Viveiro e finaliza no Vicedo. O itinerario iníciase na estación de autobuses para chegar á Porta de Carlos V, situada de fronte á Ponte da Misericordia. Crúzase a ría de Viveiro e continúa polo paseo marítimo para virar á esquerda, chegando á praia de Covas. O camiñante deberá cruzar a estrada para tomar a rúa Río Loiba. Logo cruzará pola ponte elevada a vía de FEVE, deixando un típico cruceiro á esquerda do trazado.

Máis adiante abandónase o asfalto polo camiño de terra continuando coa subida polo interior dun eucaliptal. Tal e como marca a sinalización, avanza polo interior do bosque ata cruzar por paso inferior a vía férrea. O camiño volve transitar por pista asfaltada entre as vivendas de Escourido, cruzando a estrada LU-862 e tomando o camiño da esquerda. Neste punto, sae un desvío sinalizado ao Cargadoiro. Tras continuar pola estrada, paralelamente á praia de Abrela, tómase o desvío da esquerda



para afrontar un tramo de subida.

Chégase a un punto no que o percorrido ofrece dúas alternativas para subir e un desvío de 2 quilómetros que conduce ao Fuciño do Porco. Pouco despois, o itinerario volve ser único. O camiño de terra torna cara ao sur en baixada para tomar a senda da dereita ata a seguinte pista forestal, alternando subidas e baixadas ata a Cruz de San

Román, descendendo á praia. A partir deste punto, o camiño coincide coa Ruta Costa do Vicedo (PR-G 156) e avanza en paralelo á praia, cruzando varios accesos á mesma.

Tras percorrer uns 500 metros, ao chegar á estrada LU-862, debido ao seu alto perigo, o camiño queda interrompido durante aproximadamente 700 metros e deberán extremarse as precaucións para retomar o percorrido



que se renova por un camiño ata alcanzar a estrada que descende ao núcleo de Vilasouso. O itinerario rodea a pequena península e ofrece unhas inmejorables vistas da illa Coelleira, onde houbo un mosteiro. Tras o descenso, tómase a estrada que conduce á praia de Xilloi e o trazado volve presentar dúas alternativas.

Escollendo a segunda opción o viaxeiro continúa polo paseo marítimo para tomar unha senda e avanza por unha pista fores-

tal paralela aos cantís costeiros. Tomando á dereita o asfalto, tras deixar atrás as vivendas de Piñeiro, chega á praia de Caolín por camiño peonil empedrado, custodiado polas ruínas da antiga fábrica de salgadura. Abandónase o lugar por unha senda estreita para achegarse ata a praia do Vicedo Vello, ao porto pesqueiro e, posteriormente, alcánzase o núcleo urbano, onde un panel informativo indica o final desta sexta etapa.

DATOS



5 horas



22 quilómetros



Dificultade moderada



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



www.corbarsll.com



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

NOVEDAD



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.